Concello de Vigo
Expte. 3920/1101

# ACTA

## PLENO DO EXCMO. CONCELLO DE VIGO Nº 14/2023

## SESIÓN ORDINARIA DO 31 DE XULLO DE 2023

## ORDE DO DÍA

## PARTE RESOLUTIVA

**1.** **Actas anteriores:** Constitutiva do 17.06.23, extraordinaria do 26.06 e extraordinario organizativo do 3.07.2023.

**Ditames das comisións informativas**:

ORZAMENTOS E FACENDA

**2.** Aprobación da Conta Xeral do Concello de Vigo e do Organismo Autónomo da Xerencia Municipal de Urbanismo, correspondente ao ano 2022. Expte. 251/143 (Expte. Pleno 3828/1101).

**3.** Dar conta do informe resumo dos resultados do control interno do exercicio 2022. Expte. 102945/140 (Expte. Pleno 3830/1101)

**4.** Dar conta do informe trimestral de Tesourería sobre o cumprimento dos prazos para o pago das obrigacións previstas nas leis, correspondente ao 2º trimestre do 2023. Expte. 27192/541 (Expte. Pleno 3915/1101)

SEGURIDADE, CONTRATACIÓN, FESTAS E XESTIÓN MUNICIPAL

**5.**- Proposta da Alcaldía ao Pleno do Concello de nomeamento de membros da Corporación no Padroado Quiñones de León. Expte. 1726/110 (Expte. Pleno 3867/1101).

**6.**- Proposta da Alcaldía ao Pleno do Concello de nomeamento de membros da Corporación en Órganos Colexiados da competencia do Pleno. Expte. 1727/110 (Expte. Pleno 3932/1101).

**7.-** Proposta da Alcaldía ao Pleno do Concello de nomeamento de membros da Corporación no Organismo Autónomo da Xerencia Municipal de Urbanismo. Expte. Pleno 3908/1101.

ASINADO POR: SECRETARIO XERAL PLENO DA CORPORACIÓN - ( JOSÉ CARLOS RIESGO BOLUDA ) 27/09/2023 14:35:54 | TTE ALCALDE AREA FOMENTO E SERVIZOS - ( FRANCISCO JAVIER PARDO ESPIÑEIRA ) 27/09/2023 15:19:13 | ALCALDE - ( ABEL RAMÓN CABALLERO ÁLVAREZ ) 27/09/2023 20:18:05

Documento asinado

| | | |
|---|---|---|
| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 11/10/2023 13:10 | Páxina 1 de 87 |
| 4055-1101 | CSV: AAA437-27E1E1-3B54CE-FHEE2S-K8MHER-FD | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

**8.** Dar conta da Resolución da Alcaldía, de data 7.07.23, dos membroscorporativos que exercen a súa función en réxime de dedicación exclusiva e parcial. Expte. Pleno 3891/1101.

**9.** Dar conta dos escritos dos/as concelleiros/as de aceptación da dedicación exclusiva. Extes. Pleno 3910/1101 e 3913/1101.

**10.** Dar conta da Resolución da Alcaldía, de data 13.07.23, referente ao nomeamento de presidentes e vicepresidentes das Comisións Informativas. Expte. Pleno 3921/1101.

<u>URBANISMO</u>

**11.** Aprobación definitiva do Plan Especial da UE II-04 Industrial de Santo André de Comesaña. Expte. 16958/411 (Expte. Pleno 3916/1101).

**Mocións:**

**12.** Moción do grupo municipal do Partido Popular reprobando a actuación da expresidenta da Deputación de Pontevedra, Sra. Carmela Silva, así como dos deputados socialistas vigueses no anterior goberno provincial e outros acordos complementarios. Expte. Pleno 3955/1101.

**13.** Moción do grupo municipal Socialista manifestando o rexeitamento contundente da decisión da Xunta de Galicia de eliminar os ciclos presenciais de adultos converténdoos en educación a distancia, e outros acordos complementarios. Expte. Pleno 3956/1101.

**14.** Moción do grupo municipal Socialista instando ao Goberno da Xunta de Galicia a facilitar copia do expediente completo do concerto do grupo musical MUSE que actuou no Estadio Municipal de Balaiíos, dentro da programación “Concertos do Xacobeo”. Expte. Pleno 3957/1101.

**15.** Moción do grupo municipal Socialista instando ao Goberno da Xunta de Galicia a recoñecer á cidade de Vigo unha débeda histórica de 2.258 millóns de euros, consecuencia das actuacións dos 13 anos anteriores e establecer os prazos para o seu abono. Expte. 3958/1101.

**<u>PARTE DE CONTROL</u>**

**16.** Dar conta de resolucións da Alcaldía, dende o 19.04 ao 21.05.23. Expte. 1448/1102 (Expte. Pleno 3952/1101)

**17.** Dar conta de resolucións asinadas por concelleiros/as delegados/as, dende o 19.04 ao 21.05.23. Expte. 1450/1102 (Expte. Pleno 3953/1101)

**18.** Dar conta de resolucións da Alcaldía, dende o 22.05 ao 20.07.23. Expte. 1515/1102 (Expte. Pleno 3934/1101).

**19.** Dar conta de resolucións asinadas por concelleiros/as delegados/as, dende o 22.05 ao 20.07.23. Expte. 11516/1102 (Expte. Pleno 3935/1101)

ASINADO POR: SECRETARIO XERAL PLENO DA CORPORACIÓN - ( JOSÉ CARLOS RIESGO BOLUDA ) 27/09/2023 14:35:54 | TTE ALCALDE AREA FOMENTO E SERVIZOS - ( FRANCISCO JAVIER PARDO ESPIÑEIRA ) 27/09/2023 15:19:13 | ALCALDE - ( ABEL RAMÓN CABALLERO ÁLVAREZ ) 27/09/2023 20:18:05

Documento asinado

**20.** Dar conta da Resolución da Alcaldia, de data 15.05.23, de provisión con carácter definitivo do posto de traballo de “secretaria/o de goberno local” do Concello de Vigo polo sistema de libre designación: nomeamento de funcionaria/o para o dito posto en resolución de convocatoria pública. Doc. 230139850 (Expte. Pleno 3831/1101).

**21.** Dar conta do acordo da Xunta de Goberno Local, de data 14.07.23, nomeando aos representantes municipais na Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo. Expte. 1465/1102 (Expte. Pleno 3936/1101).

**22.** Dar conta do acordo da Xunta de Goberno Local, de data 14.07.23, nomeando aos representantes municipais no Consorcio de Casco Vello de Vigo. Expte. 1466/1102 (Expte. Pleno 3937/1101).

**23.** Dar conta do acordo da Xunta de Goberno Local, de data 14.07.23, nomeando representante municipal no Consorcio da Zona Franca de Vigo. Expte. 1467/1102 (Expte. Pleno 3938/1101).

**24.** Dar conta do acordo da Xunta de Goberno Local, de data 14.07.23, nomeando representante municipal no Instituto Feiral de Vigo (IFEVI). Expte. 1468/1102 (Expte. Pleno 3939/1101).

**25.** Dar conta do acordo da Xunta de Goberno Local, de data 14.07.23, nomeando representante municipal na “Red Española de Ciudades Saludables”. Expte. 1470/1102 (Expte. Pleno 3940/1101).

**26.** Dar conta do acordo da Xunta de Goberno Local, de data 14.07.23, nomeando representante municipal no Consello Territorial da propiedade Inmobiliaria de Pontevedra. Expte. 1471/1102 (Expte. Pleno 3941/1101).

**27.** Dar conta do acordo da Xunta de Goberno Local, de data 14.07.23, nomeando representante municipal no Padroado do parque Nacional marítimo-terrestre da Illas Atlánticas de Galicia. Expte. 1472/1102 (Expte. Pleno 3942/1101).

**28.** Dar conta do acordo da Xunta de Goberno Local, de data 14.07.23, nomeando representante municipal no Padroado da Fundación Museo do Mar de Galicia. Expte. 1473/1102 (Expte. Pleno 3943/1101).

**29.** Dar conta do acordo da Xunta de Goberno Local, de data 14.07.23, nomeando representante municipal na Rede de Entidades Locales pola Transparencia e Participación Cidadá da FEMP. Expte. 1474/1102 (Expte. Pleno 3944/1101).

**30.** Dar conta do acordo da Xunta de Goberno Local, de data 14.07.23, nomeando representante municipal na “Red Española de Ciudades Inteligentes (RECI). Expte. 1475/1102 (Expte. Pleno 3945/1101).

**31.** Dar conta do acordo da Xunta de Goberno Local, de data 14.07.23, nomeando representante municipal no Padroado da Fundación Laxeiro. Expte. 1478/1102 (Expte. Pleno 3946/1101).

**32.** Dar conta do acordo da Xunta de Goberno Local, de data 14.07.23, nomeando representante municipal na Fundación Liste. Expte. 1479/1102 (Expte. Pleno 3947/1101).

ASINADO POR: SECRETARIO XERAL PLENO DA CORPORACIÓN - ( JOSÉ CARLOS RIESGO BOLUDA ) 27/09/2023 14:35:54 | TTE ALCALDE AREA FOMENTO E SERVIZOS - ( FRANCISCO JAVIER PARDO ESPIÑEIRA ) 27/09/2023 15:19:13 | ALCALDE - ( ABEL RAMÓN CABALLERO ÁLVAREZ ) 27/09/2023 20:18:05

Documento asinado

**33.** Dar conta do acordo da Xunta de Goberno Local, de data 14.07.23, nomeando representante municipal na Asociación Eixo do Noroeste Peninsular. Expte. 1480/1102 (Expte. Pleno 3948/1101).

**34.** Dar conta do acordo da Xunta de Goberno Local, de data 14.07.23, nomeando representante municipal na Fundación "Conventión Bureau". Expte. 1481/1102 (Expte. Pleno 3949/1101).

**35.** Dar conta do acordo da Xunta de Goberno Local, de data 14.07.23, nomeando representante municipal na Rede Española de Cidades polo Clima. Expte. 1507/1102 (Expte. Pleno 3950/1101).

**36.** Dar conta do acordo da Xunta de Goberno Local, de data 14.07.23, nomeando representante municipal na Asociación de Municipios con Territorios en Parques Nacionais. Expte. 1508/1102 (Expte. Pleno 3951/1101).

**Mocións.**

**37.** Moción do grupo municipal do BNG referente ás dez medidas urxentes para os cen primeiros días de novo mandato municipal. Expte. 3954/1101.

**38. Formulación de rogos.**

**39. Formulación de preguntas.**

ASISTENTES

POLO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA

Ilmo. Sr. Alcalde

Aguiar Castro, Yolanda
Alonso Suarez, Olga
Aneiros Pereira, Jaime
Caride Estévez, María José
Espinosa Mangana, Elena
Estevez Rodríguez, Pablo Luis
Fernández Pérez, José Manuel
Iglesias González, Ana Laura
Lago Barreiro, M.ª del Carmen
López Font, Carlos
Losada Alvarez, Abel Fermín
Mejías Sacaluga, Ana Maria
Pardo Espiñeira, Francisco Javier
Rivas González, Ángel
Rodíguez Calviño, Patricia
Rodríguez Rodíguez, Nuria
Silva Rego, Mª Carmen

POLO GRUPO MUNICIPAL POPULAR

Fernández Tapias, Marta
Garrido Valenzuela, Irene
Gonzalez Abeijon, Fernando
Martin Peña, Jose Miguel
Sanchez Méndez, Mª Luisa

POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG

Abalde Comesaña, Filipe
Martinez Piñeiro, Ana
Pérez Igrexas, Xabier

ASINADO POR: SECRETARIO XERAL PLENO DA CORPORACIÓN - ( JOSÉ CARLOS RIESGO BOLUDA ) 27/09/2023 14:35:54 | TTE ALCALDE AREA FOMENTO E SERVIZOS - ( FRANCISCO JAVIER PARDO ESPIÑEIRA )
27/09/2023 15:19:13 | ALCALDE - ( ABEL RAMÓN CABALLERO ÁLVAREZ ) 27/09/2023 20:18:05
Documento asinado

ASINADO POR: SECRETARIO XERAL PLENO DA CORPORACIÓN - ( JOSÉ CARLOS RIESGO BOLUDA ) 27/09/2023 14:35:54 | TTE ALCALDE AREA FOMENTO E SERVIZOS - ( FRANCISCO JAVIER PARDO ESPIÑEIRA ) 27/09/2023 15:19:13 | ALCALDE - ( ABEL RAMÓN CABALLERO ÁLVAREZ ) 27/09/2023 20:18:05

Documento asinado

NON ASISTEN:

Gomez Díaz, Gorka, concelleiro do grupo municipal Socialista.

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e dez minutos do día trinta e un de xullo do ano dous mil vinte e dous, coa Presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, D. Abel Ramón Caballero Álvarez, e asistencia dos concelleiros Sres. e Sras. Abalde Comesaña, Aguiar Castro, Alonso Súarez, Aneiros Pereira, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Fernández-Tapias Núñez, Garrido Valenzuela, Gómez Díaz, González Abeijón, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Álvarez, Martín Peña, Martínez Piñeiro, Mejías Sacaluga, Pardo Espiñeira, Pérez Iglesias, Rivas González, Rodriguez Calviño, Rodriguez Rodriguez, Sánchez Méndez, e Silva Rego, actuando como Secretario Xeral do Pleno que asina D. José Riesgo Boluda, constituíuse o Pleno da Excma. Corporación en sesión ORDINARIA conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a todos os Sres. e Sras. concelleiros e concelleiras coa antelación legalmente requirida. Está tamén presente o Interventor Xeral Municipal, don Alberto Escariz Couso.

O Presidente declara aberta a sesión en primeira convocatoria e procédese a tratar os asuntos da orde do día.

## PARTE RESOLUTIVA

**1.(83). ACTAS ANTERIORES: CONSTITUTIVA DO 17.06.23, EXTRAORDINARIA DO 26.06 E EXTRAORDINARIO ORGANIZATIVO DO 3.07.2023.**

VOTACIÓN E ACORDO.

Por unanimidade dos vinte e seis membros presentes da Corporación dos vinte e sete que a constitúen de dereito e de feito, apróbanse as actas: Constitutiva do 17.06.23 e extraordinaria do 26.06.23.

Non se aproba a do pleno extraordinario organizativo do 3.07.23**.**

## DITAMES DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS:

**2.(84). APROBACIÓN DA CONTA XERAL DO CONCELLO DE VIGO E DO ORGANISMO AUTÓNOMO DA XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO, CORRESPONDENTE AO ANO 2022. EXPTE. 251/143 (EXPTE. PLENO 3828/1101).**

ANTECEDENTES.- Con data 14 de xuño de 2023, a Dirección Superior Contable e Orzamentación co conforme do concelleiro de Facenda, emite o seguinte informe proposta,

"Unha vez formada a Conta Xeral correspondente ao Orzamento do ano 202, rendida polo Sr. Alcalde-Presidente por Resolución do 8 de maio de 2023 e ditaminada

ASINADO POR: SECRETARIO XERAL PLENO DA CORPORACIÓN - ( JOSÉ CARLOS RIESGO BOLUDA ) 27/09/2023 14:35:54 | TTE ALCALDE AREA FOMENTO E SERVIZOS - ( FRANCISCO JAVIER PARDO ESPIÑEIRA )
27/09/2023 15:19:13 | ALCALDE - ( ABEL RAMÓN CABALLERO ÁLVAREZ ) 27/09/2023 20:18:05
Documento asinado

pola Comisión Especial de Contas en sesión do 16 de maio de 2023, foi exposta ao público polo prazo que regulamenta o art. 212.3 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL), aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, publicada no Boletín Oficial de Provincia de Pontevedra nº 96 do 22 de maio, rematando o prazo para presentar reclamacións e alegacións o 12 de xuño, e segundo consta na comunicación do Rexistro que figura no expediente, no prazo de exposición o público, non houbo reclamación algunha, e ao obxecto de dar cumprimento ao previsto no artigo 212.4 do TRLRFL, sométese á consideración do Pleno da Corporación.

O Ditame da Comisión Especial reflectía que de non presentarse reclamación algunha perante o período de exposición, polo Sr. Secretario da Comisión, previa certificación que acredite o anterior, se remitirá á Secretaría do Pleno o expediente para a súa inclusión na orde do día do Pleno.

En cumprimento do previsto no artigo 212.5 do TRLRFL coa modificación incorporada pola DF 19 da Lei 11/2020, de 30 de decembro, unha vez que o Pleno se haxa pronunciado, aprobándoa ou rexeitándoa, remitirase ao ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas de Galicia antes do 15 de outubro, data prevista no artigo 223 do TRLRFL. De terse recibido reclamación durante o prazo establecido, se informarán, e a Comisión Especial de Contas, formulará proposta ao Pleno da Corporación para o seu pronunciamento antes do día 1 de outubro.

En execución do anterior, segundo certificación que consta no expediente, ao non terse presentado reclamacións nin alegacións no prazo de exposición pública que regula o artigo 212.3 do TRLRFL, proponse ao Pleno da Corporación, a adopción do seguinte acordo:

Deseguido o funcionario informante emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

DITAME. A Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda, na súa sesión ordinaria do 24.07.23, ditamina favorablemente dita proposta.

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual incorporado á Acta .

VOTACIÓN: Con dezaoito votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Alonso Suarez, Aneiros Pereira, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estevez Rodríguez, Fernández Pérez, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodíguez Calviño, Rodríguez Rodíguez, Silva Rego, e a Presidencia, e oito votos en contra dos membros do grupo municipal do Partido Popular señoras e señores, Fernández Tapias, Garrido Valenzuela, Gonzalez Abeijon, Martin Peña e Sanchez Méndez, e mais dos membros do grupo municipal do BNG, señores e señora, Abalde Comesaña, Martinez Piñeiro, Pérez Igrexas, adóptase o seguinte,

ACORDO:

a) Traspasar a resultados pendentes de aplicación, o saldo debedor ou acredor en cada caso da conta 129 (Resultados do exercicio 2021), correspondente á Entidade Local, saldo acredor 52.691.005,55 euros e Organismo Autónomo

ASINADO POR: SECRETARIO XERAL PLENO DA CORPORACIÓN - ( JOSÉ CARLOS RIESGO BOLUDA ) 27/09/2023 14:35:54 | TTE ALCALDE AREA FOMENTO E SERVIZOS - ( FRANCISCO JAVIER PARDO ESPIÑEIRA ) 27/09/2023 15:19:13 | ALCALDE - ( ABEL RAMÓN CABALLERO ÁLVAREZ ) 27/09/2023 20:18:05
Documento asinado

Xerencia Municipal de Urbanismo, saldo acredor 3.286.704,4 euros, á conta 120 (Resultados de Exercicios anteriores).

b) Aprobar a dotación de amortizacións na Entidade por unha contía de 5.845.869,02 euros e 5.900.398,55 euros nos estados consolidados.

c) En aplicación do previsto na Base 54ª das de Execución do Orzamento, aprobar a dotación a saldos de dereitos de difícil recadación por unha contía de 40.858.475,15 euros na Entidade é 42.350.748,51 euros para os estados consolidados.

d) Aprobar a Reclasificación da débeda en relación coa liquidación negativa da cesión de tributos e FCF do ano 2020 de longo prazo a curto prazo polas compensacións que corresponden ao ano 2023/2024, por una contía de 9.834.411,73 euros.

e) Aprobar a Conta Xeral do Excmo. Concello de Vigo, integrada pola Conta da Entidade e a do seu Organismo Autónomo, Xerencia Municipal de Urbanismo correspondente ao ano 2022, composta polos seguintes estados e contas anuais:

f) Balance.

g) Conta de resultado económico-patrimonial.

h) Estado de cambios no Patrimonio Neto.

i) Estado de fluxos de efectivo.

j) Estado de liquidación do Orzamento e a Memoria e demais estados complementarios.

k) Memoria, coa desagregación que establece Orde HAP/1781/2013, de 20 de setembro, pola que se aproba a Instrución do modelo normal de Contabilidade Local e coas explicacións e comentarios máis salientables dos feitos contables, financeiros e patrimoniais que aconteceron ao longo do ano 2022.

O artigo 209.4 do texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRFL), tras a modificación introducida pola Lei 3/2017 de Orzamentos Xerais do Estado para o exercicio 2017, establece a obrigación ás entidades locais de formular contas consolidadas nos termos previstos nas normas de consolidación para as entidades locais a aprobar polo ministro de Facenda e Función Pública.

Estas normas foron aprobadas mediante Orde HAC/836/2021, de 9 de xullo, e tras a súa aprobación, os municipios con poboación superior a 50.000 habitantes e entidades locais de ámbito superior están obrigadas a formular contas anuais consolidadas dos exercicios que se inicien a partir do 1 de xaneiro de 2022. A partir do 1 de xaneiro de 2024 deberán facelo as demais entidades locais.

En relación co formato, o Tribunal de Contas considerou o novo formato recomendado pola IGAE na Resolución de 22 de decembro de 2022 como adecuado para seguir avanzando na rendición de contas en soporte informático.

En consecuencia co anterior, a remisión e formato da Conta Xeral ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas de Galicia farase segundo a Resolución de 27 de febreiro de 2023, da Presidencia do Tribunal de Contas, pola que se publica o Acordo do Pleno de 23 de febreiro de 2023, pola que se modifica a Instrución que regula a rendición telemática da Conta Xeral das Entidades Locais e o formato de dita Conta, a partires da correspondente ao exercicio 2015.

**3.(85). DAR CONTA DO INFORME RESUMO DOS RESULTADOS DO CONTROL INTERNO DO EXERCICIO 2022. EXPTE. 102945/140 (EXPTE. PLENO 3830/1101)**

ASINADO POR: SECRETARIO XERAL PLENO DA CORPORACIÓN - ( JOSÉ CARLOS RIESGO BOLUDA ) 27/09/2023 14:35:54 | TTE ALCALDE AREA FOMENTO E SERVIZOS - ( FRANCISCO JAVIER PARDO ESPIÑEIRA ) 27/09/2023 15:19:13 | ALCALDE - ( ABEL RAMÓN CABALLERO ÁLVAREZ ) 27/09/2023 20:18:05
Documento asinado

ANTECEDENTES.- Con data 2 de marzo de 2022, o interventor municipal emite o seguinte informe,

**"I. Introdución.**

O órgano interventor deberá elaborar, con carácter anual e con ocasión da aprobación da conta xeral, o informe resumo dos resultados do control interno sinalado no artigo 213 do Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.

O informe resumo será remitido ao Pleno, a través do Presidente da Corporación, e á Intervención Xeral da Administración do Estado no curso do primeiro cuadrimestre de cada ano e conterá os resultados máis significativos, a xuízo do órgano de control, que se deduzan de todas as actuacións de control realizadas durante o exercicio anterior, na propia entidade local e nas súas entidades dependentes, tanto derivados do exercicio da función interventora, como dos informes emitidos sobre as actuacións de control permanente e auditoría pública.

Como actuacións de control realizadas deben entenderse todas aquelas que desen lugar á emisión e remisión dun informe definitivo de control ao órgano controlado.

**a) Normativa.**

A normativa en base á cal se elabora o informe é a seguinte:

- Artigos 213 e 218 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, modificados pola Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local.

- Artigo 37 do Real Decreto 424/2017, do 28 de abril, que regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do sector público local (en diante RDCIEL).

- Resolución do 2 de abril de 2020, da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se establecen as instrucións ás que haberán de axustarse o contido, estrutura e formato do informe resumen, así como a solicitude do informe previo á resolución de discrepancias e a remisión de información contable e informes de auditoría de contas anuais das entidades do sector público local.

**b) Réxime de control.**

Os actos da entidade local e da Xerencia Municipal de Urbanismo atópanse sometidos ao réxime de control común, non resultando de aplicación o réxime de control interno simplificado que regula o título V do Real Decreto 424/2017, ao ser o Concello de Vigo un Municipio de Gran Poboación e atoparse incluído no ámbito de aplicación do modelo normal de contabilidade local.

Dentro deste réxime común, non se acordou para ningún tipo de expediente de gasto o réxime de requisitos básicos a efectos de fiscalización e intervención limitada previa, polo que resulta aplicable o réxime xeral de fiscalización e intervención previa.

Pola súa banda, a fiscalización previa dos dereitos e ingresos da Tesourería da Entidade Local e a dos seus organismos autónomos substituíuse polo control inherente á toma de razón en contabilidade e o control posterior mediante o exercicio do control financeiro.

**II. Alcance do informe resumo.**

**a) Actuacións de control realizadas no exercicio.**

**a.1) Función interventora.**

ASINADO POR: SECRETARIO XERAL PLENO DA CORPORACIÓN - ( JOSÉ CARLOS RIESGO BOLUDA ) 27/09/2023 14:35:54 | TTE ALCALDE AREA FOMENTO E SERVIZOS - ( FRANCISCO JAVIER PARDO ESPIÑEIRA ) 27/09/2023 15:19:13 | ALCALDE - ( ABEL RAMÓN CABALLERO ÁLVAREZ ) 27/09/2023 20:18:05
Documento asinado

Como dixemos, no Concello de Vigo o desenvolvemento da función interventora realízase mediante a fiscalización e intervención previa plena ou común para a totalidade dos expedientes de gasto. Isto supón que o órgano de control interno terá que comprobar, no exercicio da función interventora, non soamente aqueles extremos considerados transcendentes no proceso de xestión fixados no Acordo do Consello de Ministros, senón tamén verificar o cumprimento de todos aqueles requisitos legais que, sen ter tal consideración, sexan necesarios co fin de asegurar, segundo o procedemento legalmente establecido, que a xestión se axuste ás disposicións aplicables en cada caso.

Así, fronte ao réxime de fiscalización limitada previa, caracterizada polas notas de esencialidade, brevidade e axilidade, ao limitarse o control a determinados aspectos esenciais do acto sometido a exame, o réxime xeral de exercicio da función interventora resulta unha tarefa de especial complexidade pola necesidade de verificar a adecuación do acto a toda a súa normativa reguladora, acentuada, en ocasións, pola dispersión normativa existente.

Por este motivo, e co fin de avanzar na consolidación dun modelo de control máis áxil e eficaz, esta intervención elaborou unhas “GUÍAS DE FISCALIZACIÓN” que recollen aqueles extremos ou requisitos legais que se consideran de necesaria verificación pola intervención no exercicio da fiscalización e intervención previa común dos expedientes, para que o resultado da fiscalización sexa de conformidade. En boa lóxica estas guías teñen que actualizarse permanentemente conforme á nova lexislación que se vaia aprobando.

Tendo en conta que para o exercicio da función interventora o órgano interventor recibirá o expediente orixinal completo, unha vez reunidos todos os xustificantes e emitidos os informes preceptivos, e cando estea en disposición de que se dite acordo polo órgano competente (artigo 10 RDCI), considérase que estas “GUÍAS” resultarán de utilidade non soamente para os funcionarios da intervención xeral, senón que tamén facilitará a tarefa dos órganos xestores, que poderán coñecer de antemán aqueles extremos dos expedientes que tramiten que serán obxecto de fiscalización previa da intervención.

Así se elaboraron as seguintes GUÍAS, para cada unha das Áreas de control máis relevantes:

- Guía de fiscalización da Contratación.
- Guía de fiscalización dos Gastos de Persoal.
- Guía de fiscalización das Subvencións, Transferencias e Convenios de Colaboración.
- Guía de fiscalización da Xestión Patrimonial.

De acordo cos datos obtidos da aplicación informática de xestión de expedientes e da base de datos de contabilidade, durante o exercicio 2022 realizáronse pola Intervención Xeral Municipal un total de **53.080 actuacións de control** no exercicio da función interventora, ben como fiscalización previa ben como intervención previa.

<u>**Fiscalización previa (fases A e D)**</u>

Do total de actuacións realizadas, **1.947** correspóndense con actuacións de fiscalización previa de actos polos que se autorizaron ou comprometeron gastos (fases A e D de execución do orzamento), e que se realizaron mediante a emisión de informes individuais por escrito para cada un dos expedientes.

Estas actuacións de fiscalización previa poden distribuírse do seguinte modo, tendo en conta as áreas de control máis relevantes:

| Área de control | Descrición dos trámites | Número de actuacións de control | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | | 2022 | 2021 | 2020 | 2019 |
| Contratación | Aprobación expediente, Adxudicación, Modificación contratos, Revisión de prezos, Certificacións de obra, Anticipos por acopios | 457 | 457 | 394 | 330 |
| Subvencións e Convenios | Convocatorias en concorrencia competitiva, Subvencións directas, Subvencións nominativas, Convenios de colaboración | 262 | 210 | 216 | 200 |

ASINADO POR: SECRETARIO XERAL PLENO DA CORPORACIÓN - ( JOSÉ CARLOS RIESGO BOLUDA ) 27/09/2023 14:35:54 | TTE ALCALDE AREA FOMENTO E SERVIZOS - ( FRANCISCO JAVIER PARDO ESPIÑEIRA ) 27/09/2023 15:19:13 | ALCALDE - ( ABEL RAMÓN CABALLERO ÁLVAREZ ) 27/09/2023 20:18:05
Documento asinado

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| Recursos Humanos | Selección dos empregados públicos (convocatorias), Nomeamento de persoal funcionario de carreira ou interinos, Contratación de persoal laboral, Provisión dos postos de traballo (libre designación, concurso ordinario ou específico, comisión de servizos voluntaria, adscrición provisional), Recoñecemento de trienios, Gratificacións, horas extraordinarias e produtividade, Nóminas, Anticipos, Axudas de acción social, Prolongación na permanencia da situación de servizo activo | 578 | 471 | 443 | 409 |
| Dietas e indemnizacións | Indemnizacións ou compensacións nos supostos de desprazamentos dentro do termo municipal por razón de servizo, asistencias por concorrencia a Órganos Colexiados, por participación en tribunais de oposicións e concursos, e pola asistencia a cursos de formación que se desenvolvan fora do termo municipal | 90 | | | |
| Facenda e Orzamentos | Aprobación do orzamento, modificacións orzamentarias, liquidación e conta xeral, modificación das ordenanzas | 187 | 143 | 140 | 150 |
| Pagos a xustificar | Fiscalización previa das ordes de pago a xustificar e intervención das contas xustificativas dos pagos a xustificar | 150 | (*) | | |
| Patrimonio | Cesións, compra de bens, responsabilidade patrimonial | 32 | 70 | 74 | 67 |
| Garantías | Devolución de avais e outras garantías | 150 | 121 | 101 | 170 |
| Outros expedientes de gasto | Pagos de arrendamentos, cotas comunidades de propietarios, execución de sentenzas e outros | 41 | 73 | 77 | 200 |
| **Número total de actuacións de control interno na modalidade de fiscalización previa** | | **1,947** | **1,545** | **1,445** | **1,526** |

(*) Ata o ano 2021 estas actuacións incluíanse no epígrafe "Outros expedientes de gasto".

**<u>Outras actuacións: Intervención previa e outras</u>**

Ademais realizáronse as seguintes actuacións no exercicio da función interventora:

| **Fase o actuación** | **Descrición da actuación** | **N.º de actuacións de control** | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | | **2022** | **2021** | **2020** | **2019** |
| Intervención previa da liquidación do gasto ou recoñecemento de obrigacións (fase O) | Comprobar, antes de que se dite a resolución, que as obrigacións se axustan á Lei ou aos negocios xurídicos subscritos polas autoridades competentes e que o acredor cumpriu ou garantiu, no seu caso, a súa correlativa prestación | 16,242 | 14,994 | 14,416 | 9,248 |
| Intervención formal da ordenación do pago | Verificar a correcta expedición das ordes de pago | 16,226 | 15,000 | 14,420 | 12,010 |
| Intervención material do pago | Verificar que o pago dispúxose polo órgano competente e realízase en favor do perceptor e polo importe establecido | 17,087 | 14,087 | 14,149 | 9,884 |
| Intervención da comprobación | Verificar materialmente a efectiva realización das obras, servizos ou adquisicións financiadas con | 31 | 25 | 22 | 52 |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| material da inversión | fondos públicos e a súa adecuación ao contido do correspondente contrato | | | | |
| Devolución de ingresos indebidos | Fiscalización dos actos de ordenación e pago material derivados de devolucións de ingresos indebidos | 1,547 | 2,925 | 2,524 | 3,289 |
| **Número total de actuacións de control interno na modalidade de intervención previa** | | **51,133** | **47,031** | **45,531** | **34,483** |

Estas actuacións realizáronse normalmente mediante unha dilixencia de fiscalización de conformidade asinada sen necesidade de motivación adicional.

**a.2) Control financeiro.**

En cumprimento do disposto no artigo 31 do RDCIEL, o 1 de abril de 2022 elaborouse pola Intervención Xeral un Plan Anual de Control Financeiro (en diante, PACF 2022) recollendo as actuacións de control permanente e auditoría pública a realizar durante o exercicio, dando conta ao Pleno na sesión ordinaria do día 27 de abril de 2022.

No PACF 2022 incluíronse, ademais das actuacións de control permanente cuxa realización polo órgano interventor deriva dun deber legal (control polo tanto preceptivo e non planificable), tamén as seguintes actuacións seleccionadas sobre a base dunha análise de riscos:

Actuación 1. Área de contratación.- Na área de contratación, tendo en conta que o control financeiro posterior dos contratos menores celebrados polo Concello de Vigo xa foi seleccionada no PACF do ano 2021, seleccionouse o "Control financeiro posterior dos prazos de tramitación dos contratos maiores formalizados polo Concello de Vigo no exercicio 2021", coa finalidade de garantir a continuidade na prestación dos servizos e subministracións considerados esenciais ou de prestación obrigatoria polas entidades locais.

Actuación 2. Área de subvencións.- Pola obrigatoriedade de realizar o control financeiro das subvencións conforme ao disposto na lexislación sobre subvencións, e tendo en conta que nos exercicios anteriores xa se realizou o control da práctica totalidade das liñas de subvencións que se conceden en réxime de concorrencia competitiva, seleccionouse o "Control financeiro posterior mediante técnicas de mostraxe ou auditoría das subvencións directas nominativas outorgadas polo Concello de Vigo e a Xerencia Municipal de Urbanismo no exercicio 2021".

Xa que a Intervención Xeral Municipal non dispón dun Servizo propio ou Oficina de Control Financeiro, nin persoal destinado a esta modalidade de control, o Concello aprobou a contratación de firmas privadas de auditoría para colaborar nesta tarefa coa Intervención Xeral.

Actuación 3. Área de xestión de ingresos.- Pola obrigatoriedade de realizar o control financeiro dos ingresos, e tendo en conta que no exercicio 2021 realizouse o control financeiro dos ingresos municipais, se ben para os recibos correspondentes a concesións non se puido verificar a corrección da cota aplicada, seleccionouse o "Control financeiro posterior das liquidacións aprobadas no exercicio 2021 por concesións administrativas outorgadas polo Concello de Vigo". Esta actuación empezou a realizarse mais de momento non puido rematarse.

Actuación 4. Área de contabilidade e orzamentos.- Por aplicación da disposición adicional terceira da Lei Orgánica 9/2013, de 20 de decembro, de control da débeda comercial no sector público, a "Auditoría da conta 413 no exercicio 2021 e a súa correlación co rexistro de facturas".

Por outra parte, conforme ao disposto no artigo 29.3 do RDCIEL, o órgano interventor da Entidade Local realizará anualmente a auditoría das contas anuais das fundacións do sector público local obrigadas a auditarse pola súa normativa específica.

Xa que ningunha das Fundacións que forma parte do Sector Público Local "Concello de Vigo" ten o deber de someter as súas contas anuais á auditoría externa conforme ao disposto no artigo 25 da Lei 50/2002 de Fundacións, e tendo en conta que no ano 2020 realizáronse as auditorías das contas e de cumprimento do ano 2019 das Fundacións Marco, Liste e Laxeiro, e no ano 2021 realizáronse as

ASINADO POR: SECRETARIO XERAL PLENO DA CORPORACIÓN - ( JOSÉ CARLOS RIESGO BOLUDA ) 27/09/2023 14:35:54 | TTE ALCALDE AREA FOMENTO E SERVIZOS - ( FRANCISCO JAVIER PARDO ESPIÑEIRA ) 27/09/2023 15:19:13 | ALCALDE - ( ABEL RAMÓN CABALLERO ÁLVAREZ ) 27/09/2023 20:18:05

Documento asinado

auditorías das contas e de cumprimento do ano 2020 das Fundacións Vigo Convention Bureau e Vigo en Deporte, non se considerou necesaria a realización de ningunha auditoría no ano 2022.

Deste xeito, no transcurso de tres exercicios consecutivos (2019-2021) o modelo de control alcanzou o cento por cento do orzamento xeral consolidado mediante a aplicación das modalidades de función interventora e control financeiro, dando cumprimento ao disposto no parágrafo segundo do artigo 4.3 do RDCI.

**a.3) Medios.**

Aínda que o RDCIEL contempla a posibilidade da Entidade Local de contratar para colaborar co órgano interventor a firmas privadas de auditoría, que deberán axustarse ás instrucións ditadas polo órgano interventor, resulta recomendable a creación dun Servizo ou Oficina de Control Financeiro na Intervención Xeral Municipal tendo en conta o carácter permanente das funcións para desenvolver e a súa transcendencia para garantir un modelo de control eficaz, e para a mellora na xestión e na transparencia.

Neste sentido, o Consello de Contas de Galicia, no “Anteproxecto do Informe de Fiscalización Selectiva do Concello de Vigo. Exercicio 2018” puxo de manifesto que “o Concello non conta cunha suficiente estrutura de persoal para dar cobertura ás esixencias do RD 424/2017, que regula o réxime xurídico do control interno nas entidades locais en materia de control financeiro”, e que “existe unha praza de habilitación nacional que non está cuberta”, polo que recomenda “adaptar e dotar a estrutura do Órgano Interventor ás esixencias da normativa de control interno”.

Entende o funcionario que subscribe que a Intervención Xeral municipal non dispuxo no exercicio 2022 dos medios necesarios e suficientes para desenvolver o modelo de control eficaz ao que se refire o artigo 4 do Real Decreto 424/2017, xa que a estrutura de persoal atópase adaptada para a realización unicamente da tradicional función interventora nas súas modalidades de fiscalización previa e intervención previa.

Por este motivo non se realizaron no ano 2022 nin a auditoría de sistemas do rexistro contable de facturas prevista no artigo 12.3 da Lei 25/2013, do 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no Sector Público, nin a auditoría da conta 413 e a súa correlación co rexistro de facturas regulada na disposición adicional terceira da Lei Orgánica 9/2013, do 20 de decembro, de control da débeda comercial no sector público.

Tampouco puido realizarse o “Control financeiro posterior dos prazos de tramitación dos contratos maiores formalizados polo Concello de Vigo no exercicio 2021”, nin rematarse o “Control financeiro posterior das liquidacións aprobadas no exercicio 2021 por concesións administrativas outorgadas polo Concello de Vigo”, tanto pola xa citada falta de medios como polo notable incremento no número de actuacións realizadas no exercicio da función interventora, que é previa e preceptiva, polo que resulta necesaria para continuar a tramitación dos expedientes de gasto.

Tampouco se incluíron no PACF 2022 por este motivo outras actuacións de control financeiro.

Por outra banda, o artigo 20 do RDCIEL establece que o órgano interventor poderá estar asesorado cando sexa necesaria a posesión de coñecementos técnicos para realizar a comprobación material.

A este respecto é preciso indicar que o persoal da intervención asistiu aos actos de comprobación material dos investimentos sen asesoramento, entendéndose por tanto limitada a miña responsabilidade aos aspectos e deficiencias que se puideron detectar atendendo á dilixencia media esixida aos profesionais da Administración que non requiren cualificación técnica nun sector específico obxecto do gasto para o desempeño das funcións asignadas ao seu posto de traballo. Por conseguinte pode considerarse que os medios persoais para o exercicio da función da intervención da comprobación material do investimento non foron suficientes.

Por este motivo, a partir do presente exercicio 2023, e facendo uso da posibilidade contemplada na D.A. 3ª da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, esta intervención realizará a comprobación material do investimento aplicando técnicas de mostraxe non probabilístico mediante un proceso de selección non fixo baseado no xuízo profesional.

ASINADO POR: SECRETARIO XERAL PLENO DA CORPORACIÓN - ( JOSÉ CARLOS RIESGO BOLUDA ) 27/09/2023 14:35:54 | TTE ALCALDE AREA FOMENTO E SERVIZOS - ( FRANCISCO JAVIER PARDO ESPIÑEIRA ) 27/09/2023 15:19:13 | ALCALDE - ( ABEL RAMÓN CABALLERO ÁLVAREZ ) 27/09/2023 20:18:05

Documento asinado

Con todo, tratarase no presente exercicio 2023 de reconfigurar a estrutura do órgano interventor mediante a creación dun servizo de control financeiro, instando a modificación da RPT e solicitando a cobertura das prazas vacantes existentes.

**III. Conclusións e recomendacións.**

**III.1.- Función interventora.**

Durante o exercicio 2022 non se adoptaron resolucións ou acordos contrarios aos reparos formulados, nin existiron procedementos para a resolución de discrepancias entre as opinións do órgano interventor e as dos órganos de xestión.

Naqueles supostos nos que o órgano interventor observou defectos no expediente derivados do incumprimento de requisitos ou trámites considerados non esenciais, devanditos defectos foron corrixidos con anterioridade á aprobación do expediente correspondente.

Esta ausencia de reparos resulta especialmente relevante tendo en conta que no ano 2020 aprobáronse un total de 48.486 resolucións e acordos contrarios a reparos formulados polos órganos de Intervención dos concellos por un importe global de 2.043,7 millóns de euros (fonte: Tribunal de Cuentas).

**Recoméndase:** Reitérase a necesidade de continuar desenvolvendo a aplicación de xestión de expedientes, previa elaboración de guías de tramitación da totalidade dos expedientes co maior nivel de detalle posible a nivel de trámite e usuario autorizado, como instrumento imprescindible para garantir un modelo de control eficaz.
Por outra banda, tamén resulta necesaria a dispoñibilidade de ferramentas informáticas suficientes e específicas para realizar as funcións de control interno, preferentemente integradas no sistema de administración electrónica da entidade, e que conten cun inventario das actuacións realizadas no exercicio da función interventora.

Así mesmo, os medios persoais para levar a cabo as tarefas de control interno non só han de ser suficientes no seu número senón que, ademais, han de contar coa formación esixible para desempeñar con competencia os novos labores previstos no RCIL. A este respecto, recoméndase incrementar a formación específica para os funcionarios responsables do control interno, establecendo a obriga de seguir os cursos e realizar as actividades de formación continuada necesarias para asegurar un nivel suficientemente elevado de coñecementos teóricos, cualificacións e valores profesionais.

**III.2.- Control financeiro permanente: Actuacións atribuídas no ordenamento xurídico ao órgano interventor.**

Como regra xeral, durante o exercicio 2022 realizáronse as actuacións de control financeiro cuxa realización polo órgano interventor deriva dunha obrigación legal. Como resultado das devanditas actuacións elaboráronse informes escritos co contido establecido no artigo 35 do RD 424/2017.

Con carácter xeral as deficiencias detectadas foron corrixidas mediante unha actuación correctora inmediata, sen prexuízo daquelas recomendacións puntuais realizadas sobre determinados aspectos que non resultan especialmente significativos pola súa escasa relevancia cualitativa ou cuantitativa.

En particular, informáronse favorablemente os expedientes para a aprobación do Orzamento do exercicio, as modificacións de créditos do exercicio, así como a aprobación da liquidación do Orzamento.

**III.3.- Control financeiro permanente: Actuacións realizadas incluídas no Plan Anual de Control Financeiro.**

Como se ten dito, das actuacións seleccionadas unicamente levouse a cabo o "Control financeiro posterior mediante técnicas de mostraxe ou auditoría das subvencións directas nominativas outorgadas polo Concello de Vigo e a Xerencia Municipal de Urbanismo no exercicio 2021".

ASINADO POR: SECRETARIO XERAL PLENO DA CORPORACIÓN - ( JOSÉ CARLOS RIESGO BOLUDA ) 27/09/2023 14:35:54 | TTE ALCALDE AREA FOMENTO E SERVIZOS - ( FRANCISCO JAVIER PARDO ESPIÑEIRA )
27/09/2023 15:19:13 | ALCALDE - ( ABEL RAMÓN CABALLERO ÁLVAREZ ) 27/09/2023 20:18:05
Documento asinado

ASINADO POR: SECRETARIO XERAL PLENO DA CORPORACIÓN - ( JOSÉ CARLOS RIESGO BOLUDA ) 27/09/2023 14:35:54 | TTE ALCALDE AREA FOMENTO E SERVIZOS - ( FRANCISCO JAVIER PARDO ESPIÑEIRA )
27/09/2023 15:19:13 | ALCALDE - ( ABEL RAMÓN CABALLERO ÁLVAREZ ) 27/09/2023 20:18:05

Documento asinado

**Resultados do "Control financeiro posterior mediante técnicas de mostraxe ou auditoría das subvencións directas nominativas outorgadas polo Concello de Vigo e a Xerencia Municipal de Urbanismo no exercicio 2021".**

- Área de participación cidadá: Non se detectaron feitos ou circunstancias que puideran supoñer incumprimentos da normativa aplicable ou das condicións impostas no Convenio.
- Área de emprego: Non se detectaron incidencias significativas na mostra seleccionada.
- Área de festas: Non se detectaron incidencias nos convenios analizados, se ben considérase necesario recomendar a necesidade de recoller nos convenios a obrigatoriedade da achega dos xustificantes de pagos.
- Área de benestar social: Non se detectaron incidencias significativas na mostra seleccionada, se ben no convenio asinado coa "Asociación de familiares de enfermos de Alzheimer AFAGA", verificase un importe imputado a naiores de 64,68 euros, de escasa importancia relativa.
- Cedro: Non se detectou incidencia algunha.
- Área de igualdade: Non se detectaron incidencias significativas na mostra seleccionada.
- Área de deportes: Non se detectaron incidencias significativas na mostra seleccionada, se ben na documentación examinada non se achegaron os correspondentes xustificantes dos pagos realizados, posiblemente pola intención do servizo xestor de facer referencia nos convenios á xustificación dos gastos e non dos pagos.
- Área de educación: Non se detectaron incidencias significativas na mostra seleccionada, se ben debemos facer a mesma observación que a contida no parágrafo que precede.
- Área de cultura: Non se detectaron incidencias significativas na mostra seleccionada, se ben en relación co convenio asinado coa "Asociación orquestra Vigo 430" detectouse un sobrecusto na seguridade social a cargo da empresa por un importe valorado en 327,63 euros, propoñéndose o reintegro de dito importe.
- Área de turismo e xuventude: Con carácter xeral, non se detectaron incidencias significativas na mostra seleccionada, se ben en relación co "Convenio co centro artístico, cultural de Coruxo para o desenvolvemento dun programa de dinamización infantil e xuvenil", non se puido comprobar un 6% dos gastos xustificados por omisións ou erros na documentación aportada e/ou revisada; e en relación co "Convenio coa asociación veciñal, cultural e deportiva de Lavadores para o desenvolvemento dun programa de dinamización infantil e xuvenil" proponse o reintegro por importe de 787,47 euros como consecuencia da imputación a maiores de gastos non elixibles.

**III.4.- Auditoría pública.**

Non se realizaron Auditorías das Fundacións integradas no Sector Público Local.

**IV. Deficiencias que requiren a adopción de medidas correctoras a través dun plan de acción.**

Mais alá das recomendacións realizadas, non se sinalaron deficiencias que requiran a adopción de medidas correctoras a través dun plan de acción.

**V. Valoración do plan de acción formalizado polo Presidente da Corporación como consecuencia das deficiencias sinaladas no anterior informe.**

Non procede xa que como consecuencia do anterior informe non resultou necesario elaborar un plan de acción.

DITAME. A Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda, na súa sesión ordinaria de data 24.07.2023, queda informada.

ASINADO POR: SECRETARIO XERAL PLENO DA CORPORACIÓN - ( JOSÉ CARLOS RIESGO BOLUDA ) 27/09/2023 14:35:54 | TTE ALCALDE AREA FOMENTO E SERVIZOS - ( FRANCISCO JAVIER PARDO ESPIÑEIRA ) 27/09/2023 15:19:13 | ALCALDE - ( ABEL RAMÓN CABALLERO ÁLVAREZ ) 27/09/2023 20:18:05
Documento asinado

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual incorporado á Acta .

ACORDO.

O Pleno da Corporación queda enterado do resumo dos resultados do control interno do exercicio 2022.

## 4.(86). DAR CONTA DO INFORME TRIMESTRAL DE TESOURERÍA SOBRE O CUMPRIMENTO DOS PRAZOS PARA O PAGO DAS OBRIGACIÓNS PREVISTAS NAS LEIS, CORRESPONDENTE AO 2º TRIMESTRE DO 2023. EXPTE. 27192/541 (EXPTE. PLENO 3915/1101)

ANTECEDENTES: Dáse conta do informe, de data 10 de xullo de 2023, do Tesoureiro municipal co conforme do concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda, que di o que segue:

**“LEXISLACIÓN APLICABLE.-**

Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

ASINADO POR: SECRETARIO XERAL PLENO DA CORPORACIÓN - ( JOSÉ CARLOS RIESGO BOLUDA ) 27/09/2023 14:35:54 | TTE ALCALDE AREA FOMENTO E SERVIZOS - ( FRANCISCO JAVIER PARDO ESPIÑEIRA ) 27/09/2023 15:19:13 | ALCALDE - ( ABEL RAMÓN CABALLERO ÁLVAREZ ) 27/09/2023 20:18:05

Documento asinado

UNDÉCIMO: Da presente Resolución darase conta de forma individualizada ó Pleno da Corporación ós efectos de que quede enterado da mesma.

DUODÉCIMO: Publicar esta Resolución no Boletín Oficial da Provincia (BOP) e na páxina web do Concello.”

DITAME. A Comisión Informativa de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal na súa sesión ordinaria do 24 de xullo 2023, quedou informada de dita Resolución.

ACORDO. O Pleno quedo informado da Resolución da Alcaldía, de data 13.07.23, do nomeamento de presidentes e vicepresidentes das Comisións informativas.

**11.(93). APROBACIÓN DEFINITIVA DO PLAN ESPECIAL DA UE II-04 INDUSTRIAL DE SANTO ANDRÉ DE COMESAÑA. EXPTE. 16958/411 (EXPTE. PLENO 3916/1101).**

ANTECEDENTES: Con data de 8 de xuño 2023, a técnica de Admón. Xeral co conforme da Xefa da Área de Desenvolvemento emiten o seguinte informe proposta,

“Examinado o presente expediente promovido pola entidade “Global Fitness Sport, SL”, e á vista da derradeira documentación técnica inserida no rexistro electrónico desta Xerencia municipal de urbanismo con data do 29.05.2023, Doc. núm. 230150861, e co COD.SOL.:W915714-4096, aos efectos de proceder á aprobación definitiva do “Plan especial de Reforma Interior UE Industrial II-04 Santo André de Comesaña”, e que inclúe a documentación preceptiva en soporte dixital, para a aprobación definitiva do dito instrumento de planeamento, procédese a emisión do seguinte informe con proposta de acordo para o que resultan relevantes os seguintes,

I.- Antecedentes e Feitos

A) Con data do 10.11.2015, o Tribunal Supremo ditou sentenza no recurso de casación nº. 1658/2014, pola que se declarou a nulidade do PXOM de 2008, o cal significou a reviviscencia do PXOM de 1993 nomeado de *“Subsanación de Deficiencias na Adaptación do PXOU- 88 á Lei 11/1985, de 22 de abril, de Adaptación da do Solo a Galicia”* aprobado definitivamente por acordo do Consello da Xunta de Galicia de 29.04.1993 (DOG núm. 87 do 10.05.1993 e a súa normativa no BOP núm.133 do 14.07.1993), xunto coas súas modificacións puntuais definitivamente aprobadas.

No citado e vixente PXOU-1993, o ámbito de actuación figura como unha Unidade de Execución «U.E. Industrial II-04 San Andrés de Comesaña.

B) Actuacións administrativas realizadas

A presente proposta de PERI, trae causa da consulta efectuada polo presidente da Xunta de compensación da UE Industrial II-04 Santo Andrés de Comesaña,(doc. Núm. 180062802) o que deu lugar a apertura do expediente 16625/441- Consulta urbanística especial- e que foi informada favorablemente polo Secretario xeral do Pleno do Concello de Vigo con data do 321.07.2019, informe incorporado ao expediente electrónico de razón, no que conclúe que- *“Resposta á consulta urbanística formulada. A vixente normativa urbanística (LSG) permite que por medio dun Plan Especial de Reforma Interior sexan alteradas diversas determinacións urbanísticas en solo urbano non consolidado sempre e cando a nova ordenación que a través do PERI se propoña, (i) mellore substancialmente a ordenación urbanística existente; (ii) respecte as determinacións do PXOM 93 sinaladas no artigo 52 da LSG e no artigo 54.2 da mesma norma, e (iii) non implique un incremento da superficie edificable total do ámbito*

ASINADO POR: SECRETARIO XERAL PLENO DA CORPORACIÓN - ( JOSÉ CARLOS RIESGO BOLUDA ) 27/09/2023 14:35:54 | TTE ALCALDE AREA FOMENTO E SERVIZOS - ( FRANCISCO JAVIER PARDO ESPIÑEIRA ) 27/09/2023 15:19:13 | ALCALDE - ( ABEL RAMÓN CABALLERO ÁLVAREZ ) 27/09/2023 20:18:05

Documento asinado

*e observe o uso global previsto para a UE. A proposta que consta na consulta formulada cumpre o sinalado nos apartados (ii) e (iii); a mellora substancial da ordenación urbanística existente, apartado (i), considerarase tras o estudo da Memoria do PERI a formular. Para modificar ou establecer a ordenación detallada da UE-II 04 Industrial non resulta necesario acudir á modificación do vixente PXOU 1993.*

Deste xeito, o Pleno do Concello de Vigo, na sesión ordinaria que tivo lugar en data 05 de setembro de 2018, adoptou o seguinte acordo: *(..)PRIMEIRO "Ratificar a resposta emitida polo secretario xeral do Pleno en data 30.07.2018 relativa á consulta urbanística formulada por "Global Fitness Sport S.L." en relación á posibilidade de que mediante un Plan Especial de Reforma Interior (PERI), e sen necesidade de acudir á modificación do planeamento xeral (vixente PXOU 1993), sexan alteradas diversas determinacións urbanísticas da UE-II 04 Industrial(..).*

En cumprimento do dito acordado polo Pleno do Concello de Vigo, procedeuse á incoación do presente procedemento, tramitado baixo o exp. 16958/411, trala iniciativa particular formulada con data 14.03.2019(COD.SOL.: W331105-9540) polo Presidente da Xunta de compensación U.E Industrial II-04 Santo André de Comesaña, propietaria maioritaria da superficie do ámbito (72,74%) xuntado a seguinte documentación: Borrador e DAE do PERI da UE.Industrial II-04 Santo Andrés de Comesaña , solicitando o inicio da avaliación ambiental estratéxica simplificada, de conformidade co disposto no artigo 75 da LSG 2/2016, do 10 de febreiro.

Á vista do solicitado, con data do 18.05.2020 o secretario xeral do pleno do Concello de Vigo, emite informe relativo a tramitación do Borrador e Documento Ambiental Estratéxico da UE Industrial II-04, no que conclúe que *Procede continuar a tramitación e remitir o órgano ambiental competente da Xunta de Galicia o Borrador do Plan e o Documento de Ambiental Estratéxico (DAE);* Continuando co procedemento, con data do 01.06.2020 a Vicepresidenta da XMU ditou Resolución dispondo, *solicitar o inicio da avaliación ambiental estratéxica simplificada ao órgano ambiental competente da Xunta de Galicia, - Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda da Xunta de Galicia - do "Plan Especial de Reforma Interior da UE Industrial II-04 San Andrés de Comesaña", de conformidade co previsto no artigo 75.3 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia (en relación co artigo 46.2 do mesmo corpo legal) e ao abeiro do pautado no Capitulo I do Titulo II, Sección 2ª da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, (artigos 29 e seguintes) á que se xunta unha copia, en soporte dixital, do Borrador e do Documento ambiental estratéxico do referido ámbito, documentación toda ela presentada perante esta administración (órgano substantivo) polo Presidente da Xunta de Compensación da UE Industrial II-04 San Andrés de Comesaña, no seu nome e en representación da entidade "Global Fitness Sport, SL, e redactada e asinada dixitalmente polo Arquitecto don Pedro de la Puente Crespo, co contido establecido na lexislación vixente .SEGUNDO.- Notificar a presente Resolución de Solicitude de inicio da avaliación ambiental estratéxica simplificada á Subdirección Xeral de Avaliación ambiental dentro das competencias atribuídas á Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda da Xunta de Galicia, xunto coa remisión da documentación anteriormente referida- Borrador e DAE- aos efectos da continuación do procedemento establecido na lexislación vixente.*

Deste xeito, mediante oficio de data 01.06.2020 (not. Núm.5279/2020) procedeuse a solicitar ao órgano ambiental da Xunta de Galicia, o inicio da avaliación ambiental estratéxica simplificada. Finalmente, con data do 26.10.2020, formulouse o informe ambiental estratéxico ao "Plan especial de reforma interior da UE Industrial II-04 Santo André de Comesaña", no que se resolve non sometelo ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica ordinaria, ao concluír que non ten efectos significativos sobre o medio ambiente, e ao que se xunta os informes recibidos durante o período de consultas ao que se someteu o documento, correspondentes aos seguintes organismo: Dirección Xeral de ordenación do Territorio e Urbanismo, Instituto de Estudos do Territorio, Axencia Galega de Infraestruturas, e Dirección xeral de patrimonio cultural (Resolución que consta notificada ao Concello de Vigo, mediante oficio da xefa do Servizo de Avaliación Ambiental de Plans e Programas da Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático do 27.10.2020 – núm. Doc. 200195514).

ASINADO POR: SECRETARIO XERAL PLENO DA CORPORACIÓN - ( JOSÉ CARLOS RIESGO BOLUDA ) 27/09/2023 14:35:54 | TTE ALCALDE AREA FOMENTO E SERVIZOS - ( FRANCISCO JAVIER PARDO ESPIÑEIRA ) 27/09/2023 15:19:13 | ALCALDE - ( ABEL RAMÓN CABALLERO ÁLVAREZ ) 27/09/2023 20:18:05

Documento asinado

En cumprimento do previsto no artigo 162.g)do RLSG, procedeuse a solicitar os informes correspondentes, as empresas subministradoras e distribuidoras, - verbo da viabilidade da suficiencia e subministro e infraestruturas do ámbito.

Con data do 14.07.2022 o interventor xeral municipal emite informe, no que conclúe que, *O expediente 16958-411, no que se propón aprobar inicialmente o "Plan especial da UE II-04 Industrial de Santo André de Comesaña" promovido pola entidade "Global Fitness Sport, SL", non está sometido a función interventora, xa que non supón a aprobación ou autorización de gastos, nin se esixe a constancia no expediente de documentación de retención de crédito para o financiamento das infraestruturas previstas no mesmo. Tampouco está suxeito a control financeiro pola intervención xeral municipal, xa que ao tratarse dun instrumento de planeamento de desenvolvemento non se trata dunha materia para a que legalmente se esixa unha maioría especial.*

O 17.08.2022 o Secretario Xeral do Pleno da corporación asina dilixencia na que indica que, segundo consta nos informes emitidos e na proposta formulada o Expediente 16958/411 atópase concluso e axústase na súa tramitación á normativa de aplicación.

Trala achega de diversas versións da documentación técnica preceptiva de cara a aprobación inicial do presente instrumento de planeamento, en cumprimento das observación efectuadas polos técnicos do servizo de planeamento e xestión, - Con data do 1 de setembro de 2022, a Xunta de Goberno local do Concello de Vigo, en sesión ordinaria, adoptou o seguinte acordo: *Prestar aprobación inicial ao «Plan especial da UE II-04 Industrial de Santo André de Comesaña», instrumento urbanístico de iniciativa particular promovido pola entidade "Global Fitness Sport, SL", que inclúe a documentación técnica, inserida no rexistro electrónico desta Xerencia con data do 08.03.2022 e COD.SOL W667567-3628, achegada en soporte dixital, elaborada e asinada dixitalmente, con firma válida, polo arquitecto Pedro de la Puente Crespo; Someter a información pública o presente expediente, incluíndo o resumo executivo, polo prazo de dous (2) meses, mediante a publicación de anuncios no DOG, nun dos xornais de maior circulación da provincia, e na sede electrónica do Concello de Vigo, a efectos de que durante dito período poidan formularse alegacións e as suxestións pertinentes, computándose o remate do referido prazo de alegacións dende a data da publicación do anuncio no "Diario Oficial" de Galicia, dilixenciándose a documentación exposta pola Secretaria xeral, con notificación individual ás persoas titulares catastrais dos terreos afectados segundo relación catastral incorporada ao expediente. Durante o referido prazo recadaranse os informes sectoriais que resulten preceptivos, de conformidade coa normativa urbanística e sectorial de aplicación. Á vista do resultado dos trámites anteriores, resolverase sobre a procedencia de introducir no Documento de Modificación as rectificacións pertinentes cuxo alcance, determinará, no seu caso, a oportunidade e procedencia dun novo trámite de información pública e requirimento de informes, artigo 144.12 RLSG.*

En cumprimento do acordado, procedeuse a apertura do preceptivo trámite de información pública, polo prazo de dous (2) meses , mediante senllos anuncios publicados nun dos xornais de maior circulación da provincia " Faro de Vigo" do sábado 10 de setembro de 2022, e no DOG núm. 183, do 26 de setembro de 2022. A dita documentación inicialmente aprobada xunto co resume executivo, incorporouse á web municipal, no Taboleiro de edictos desta XMU e na sede electrónica do Concello de Vigo, para xeral coñecemento. Asemade practicáronse as notificacións individualizadas as persoas titulares catastrais dos terreos afectados segundo relación catastral incorporada ao expediente, así como á solicitude dos informes sectoriais preceptivos nesta fase do procedemento.

Con data do 30.11.2022 a xefa do rexistro desta XMU asina dilixencia na que fai constar que: "*Plan Especial de reforma interior UE Industrial II-04 Santo André de Comesaña" someteuse ao trámite de información pública, segundo o acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, na súa sesión ordinaria do 1 de setembro de 2022, mediante a publicación de anuncio no Faro de Vigo (do 10 de setembro de 2022), no Diario Oficial de Galicia (número 183, do 26 de setembro de 2022), na páxina web do Concello de Vigo e na sede electrónica municipal.Durante o dito prazo non se presentou escrito de alegación algún.*

ASINADO POR: SECRETARIO XERAL PLENO DA CORPORACIÓN - ( JOSÉ CARLOS RIESGO BOLUDA ) 27/09/2023 14:35:54 | TTE ALCALDE AREA FOMENTO E SERVIZOS - ( FRANCISCO JAVIER PARDO ESPIÑEIRA ) 27/09/2023 15:19:13 | ALCALDE - ( ABEL RAMÓN CABALLERO ÁLVAREZ ) 27/09/2023 20:18:05

Documento asinado

ASINADO POR: SECRETARIO XERAL PLENO DA CORPORACIÓN - ( JOSÉ CARLOS RIESGO BOLUDA ) 27/09/2023 14:35:54 | TTE ALCALDE AREA FOMENTO E SERVIZOS - ( FRANCISCO JAVIER PARDO ESPIÑEIRA ) 27/09/2023 15:19:13 | ALCALDE - ( ABEL RAMÓN CABALLERO ÁLVAREZ ) 27/09/2023 20:18:05

Documento asinado

Asemade, consta no expediente certificación expedida polo Secretario Xeral da XMU con data do 02.12.2022, de fin de exposición pública, no que fai constar, que durante dito período non se presentou escrito de alegación algún.

Durante o presente trámite do procedemento, e de conformidade coa vixente lexislación urbanística e sectorial de aplicación, foron recadados os informes sectoriais que deseguido se relacionan, no eido da administración do Estado e da nosa CCAA, de carácter favorable, ou que expresan unha serie de condicionados subsanables trala súa corrección, ou a súa non incidencia ou improcedencia da dita emisión:

- Ministerio para a transición ecolóxica e Reto Demográfico, Confederación Hidrográfica do Miño-Sil do 16.09.2022.

- Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana, Portos do Estado do 29.09.2022, que conclúe, que a proposta non afecta ao sistema portuario de titularidade estatal.

- Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital, Secretaria xeral de telecomunicacións e Ordenación dos servizos de comunicación audiovisual, do 14.10.2022, que conclúe, informar favorablemente o PERI condicionado a corrección de erros que nel se indican.

- Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana, Dirección xeral de Estradas, informe do 22.11.2022 que conclúe, informar favorablemente cunha serie de condicións, no seguinte senso: *las figuras de planeamiento que desarrollen el PERI deben tener en cuenta la propuesta de medidas correctoras del apartado 11 del estudio de afección acústica del PERI......que se transcribe a continuación:* **-** *Establecer las limitaciones a la edificabilidad, especialmente en la parcela de uso terciario, para que los niveles de ruido en línea de fachada no rebasen los objetivos de calidad acústica propuestos en este estudio. Dichas limitaciones de espacio han de ir destinadas a evitar la afección en Ldia y Ltarde por el tráfico rodado en la franja contigua a la carretera PO-325 y la afección en período noche debido al foco industrial.* **-** *Estudio acústico detallado de cada una de las actividades que se vayan a implementar en los sectores del PERI con el objetivo final de evitar que generen al ambiente exterior niveles de ruido que provoquen un aumento de los niveles ya existentes*"

- Delegación do Goberno en Galicia, Área de Fomento, oficio do 13.12.2022 no que conclúe, *"O plan especial non ten incidencia nas propiedades ou zonas de servidume afectadas á Defensa Nacional, nin no Inventario de Bens e Dereitos do Estado, nin nas propiedades xestoras da Seguridade Social"* así mesmo trasládanse os seguintes informes: a) Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas. Informe do 24.10.2022 que expresa no seu apartado 7 "....*para recabar las afecciones concretas deben consultar a las empresas que ejercen las actividades de generación, transporte y distribución en la zona" b) Ministerio de Transportes, Movilidad y Agenda Urbana, Dirección General de Carreteras*. Informe do 22.11.2022, ao que nos referimos no parágrafo anterior.

- Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana, Dirección xeral de aviación civil, informe emitido o 10.01.2023 que conclúe, informar favorablemente o presente PERI no que a servidumes aeronáuticas se refire, sempre e cando as construcións propostas ou obxectos fixos (postes, antenas, carteis, etc ) no vulneren as servidumes aeronáuticas.

- Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, Instituto de Estudos do Territorio en materia da Paisaxe, informe emitido o 14.11.2022 que conclúe que, *"O PERI..... atendeu ao sinalado no anterior informe do IET, polo que non se formula ningunha obxección para a súa aprobación"*

- Augas de Galicia, informe emitido o 29.11.2022 no que conclúe que, *"informase favorablemente o PERI......sempre que se teñan en conta as prescricións sinaladas neste informe"*

- Consellería de Infraestruturas, Axencia Galega de Infraestruturas. Informes emitidos con datas do 13.12.2022 que provocou a achega de dous novos documentos corrixindo a documentación o

10.02.2023 doc nº 230040385 e o 03.05.2023 doc nº 230121737 completando a documentación da estrada autonómica e a súa categorización na memoria informativa e nos planos, segundo o catalogo de estradas aprobado, fixación da aliñación en toda a fronte do ámbito, prohibición do accesos desde a estrada autonómica, corrección sección tipo e mapas estratéxico de ruído correspondentes aos indicadores Ld, Le e Ln e estudo da mobilidade; Con data do 08.05.2023 emítese novo informe que conclúe *"....favorable con respecto a afección do PERI.....condicionado a corrección do sombreado do dominio público da estrada PO-325 nos planos de ordenación...*"

- Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo. Informe emitido con data 14.11.2022 que conclúe que *"...as determinacións do PERI....resultan plenamente compatibles cos criterios, principios e normas do POL, non procedendo formular observación ao respecto*

Logo de diferentes requirimentos a entidade que impulsa o presente procedemento,- de emenda da documentación técnica presentada de cara a súa aprobación definitiva-, con data do 29.05.2023 -Doc. núm. 230150861, e co COD.SOL.:W915714-4096, tiña entrada no rexistro electrónico desta Xerencia municipal de urbanismo, impreso de solicitude formulado polo arquitecto redactor dos traballos , ao que xunta a documentación necesaria para a aprobación definitiva (en formato editable e pdf) adaptado as normas técnicas de planeamento de Galicia, documentación elaborada polo dito arquitecto con data maio de 2023.

Elevada a antedita documentación á arquitecta xefa do Departamento de Desenvolvemento Urbanístico, con data do 31.05.2023 emite informe favorable á aprobación definitiva do presente PERI, co contido íntegro que de seguido se reproduce, no que avalía a integridade documental do instrumento urbanístico, as actuacións administrativas realizadas, a calidade técnica da ordenación proxectada, e a conformidade coa lexislación vixente, informe que se incorpora á presente proposta e lle serve de motivación, consonte co pautado no artigo 88.6 da LPACAP.

*"(...)O Plan Xeral de Ordenación Urbana do Concello de Vigo, PXOU-93, foi aprobado definitivamente por acordo do Consello da Xunta de Galicia de 29.04.1993 no expediente nomeado de Subsanación de deficiencias na adaptación do PXOU de Vigo de 1988 á LASGA (Lei 11/1985, do 22 de agosto, de adaptación do solo a Galicia). A aprobación definitiva de dito PXOU93 foi publicada no DOG nº 87 o día 10.05.1993 e a súa normativa foi publicada no BOP nº 133, o 14 de xullo de 1993. Este planeamento recobrou a súa vixencia trás a Sentencia 4858 2015 do Tribunal Supremo que dictou a nulidade do Plan xeral de ordenación Municipal (PXOM) aprobado definitivamente mediante as Ordes de 16/05/2008 (de forma parcial) e do 13/7/2009 (de forma completa).*

*Este ámbito estaba remitido na ficha de características a un Estudo de Detalle; en desenvolvemento do ámbito aprobouse un Estudo de Detalle con data 28/12/1996 expte. 3617/411, unha Modificación do Estudo de Detalle con data 26/06/2000 expte. 5593/411, o Proxecto de Compensación con data 11/04/2002 expte. 4139/401 e o correspondente Proxecto de Urbanización expte. 4554/401 por todo isto o PXOM do 2008 (agora suspendido), sinalaba este ámbito como Área de planeamento incorporado API-51 Industrial.*

*Consta acta de liña e rasante con data 8/08/2017 expte. 16095/411*

*O PXOU-93 é un instrumento de planeamento xeral aprobado definitivamente con anterioridade á entrada en vigor da Lei 2/2016 do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG) e non adaptado á Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (LOUGA), resultándolle de aplicación o réxime previsto na disposición transitoria primeira, apartado 2, da LSG, e na disposición transitoria segunda, apartado 2, do Regulamento da LSG (RLSG), ao solo urbano que reúna as condicións establecidas no artigo17.b) nesta lei, aplicaráselle o disposta nela para o solo*

ASINADO POR: SECRETARIO XERAL PLENO DA CORPORACIÓN - ( JOSÉ CARLOS RIESGO BOLUDA ) 27/09/2023 14:35:54 | TTE ALCALDE AREA FOMENTO E SERVIZOS - ( FRANCISCO JAVIER PARDO ESPIÑEIRA ) 27/09/2023 15:19:13 | ALCALDE - ( ABEL RAMÓN CABALLERO ÁLVAREZ ) 27/09/2023 20:18:05

Documento asinado

*urbano non consolidado, polo que nos atopamos nun ámbito de solo urbano non consolidado ao que lle é de aplicación directa o establecido na LSG para esta categoría de solo.*

*O Peno do Concello de Vigo con data 5/09/2018 expte. 16625/411 ratificou a resposta derivada dunha consulta urbanística presentada pola entidade Global Fitness Sport S.L sobre se a vixente normativa urbanística permite, por medio dun Plan especial de Reforma Interior modificar a ordenación prevista, e sexan alteradas diversas determinacións urbanísticas en solo urbano no consolidado, sempre e cando a nova ordenación que se propoña, segundo o artigo 65.1 da LSG, mellore substancialmente a ordenación urbanística existente e respecte as determinacións do PXOU-93 sinaladas no artigo 52 e no artigo 54.2 da LSG, non impliquen un incremento da superficie edificable total nin a modificación dos usos globais que se establezan no plan xeral. Na consulta ponse de manifesto circunstancias novas que non existían no momento da aprobación do Estudo de Detalle como a modificación do trazado da Circunvalación de Vigo, VG-20, que amplía a superficie expropiada no ámbito, cunha maior afección e unha nova liña de edificación, tamén a aparición de novas afeccións sectoriais trala aprobación do Plan Hidrolóxico de Galicia-Costa e do Plan de Ordenación do Litoral e a Paisaxe, que completaban as da zona de influencia da estrada estatal VG-20 e da estrada autonómica PO-325 (Avda. Ricardo Mella) e as Servidumes Aeronáuticas.*

*O novo Plan Especial desenvolve a modificación da ordenación orixinalmente aprobada.*

*A estrutura do informe desagregase en:*

I. *Integridade documental*
II. *Actuacións administrativas dende a aprobación inicial*
III. *Calidade técnica da ordenación*
IV. *Conformidade coa lexislación vixente*

*I INTEGRIDADE DOCUMENTAL*

*A) DETERMINACIÓNS DOS PERIs*

*Os PERIs son instrumentos de desenvolvemento urbanístico para levar a cabo operacións de reforma interior ou renovación urbana, artigo 70 da LSG e 177 do RLSG, que se caracterizan pola especialidade do seu obxecto, natureza e finalidade e que non poden substituír aos plans xerais na función de instrumento de ordenación integral do territorio.*

*Segundo o artigo 65 da LSG e 157 do RLSG os planes especiais tamén poderán modificar a ordenación establecida polo plan xeral de ordenación municipal, poden definir e implantar a cualificación dos terreos, as tipoloxías edificatorias, os niveis de intensidade, (alturas, retranqueos, ocupación, condicións de parcelamento... ) que non son determinacións obxecto do artigo 52 nin do 54.2 da LSG.*

.

*B) DOCUMENTACIÓN DOS PERIs*

*No solo urbano non consolidado incluirán alo menos, as determinacións e a documentación propia dos planes parciais regulados no artigo 69 da LSG e nos artigos 170 a 176 do RLSG.*

*O contido dos Planes especiais de reforma interior están regulados no artigo 72.2 da LSG que especifica que conterán as determinacións adecuadas que mellor se adapten para o cumprimento da sua finalidade e obxecto.*

*O PERI da UE INDUSTRIAL II-04 SANTO ANDRÉ DE COMESAÑA achega a documentación sinalada na LSG e no RLSG*

ASINADO POR: SECRETARIO XERAL PLENO DA CORPORACIÓN - ( JOSÉ CARLOS RIESGO BOLUDA ) 27/09/2023 14:35:54 | TTE ALCALDE AREA FOMENTO E SERVIZOS - ( FRANCISCO JAVIER PARDO ESPIÑEIRA ) 27/09/2023 15:19:13 | ALCALDE - ( ABEL RAMÓN CABALLERO ÁLVAREZ ) 27/09/2023 20:18:05

Documento asinado

C) DOCUMENTACIÓN ADICIONAL DO PERI

*Segundo o artigo 158 do RLSG os PERIs que modifiquen a ordenación detallada do plan ademais de cumprir o artigo 157 do RLSG deberan recoller dentro da sua documentación os seguintes extremos:*

*a) Memoria: 1) Xustificación detallada da modificación en relación co ámbito e as conexións cos sistemas xerais. 2) Xustificación de que a ordenación respecta o complementa e mellora as directrices da estratexia de evolución urbana e ocupación do territorio do plan xeral. 3) Análise comparativo, contrastando a mellora coa anterior e acreditando o cumprimento das condicións do artigo 157.*

*b)Planos: 1) Representación de la ordenación no su contexto espacial mais amplo. 2) Redelimitación do ámbito e dos lindeiros. 3) Plano superposto da nova ordenación e da prevista no plan que permita a valoración da mellora, o grado de coherencia, continuidade e conexión co modelo territorial definido polo planeamento.*

*c)Documento refundido: coas novas determinacións coas previas que queden en vigor.*

*O PERI da UE INDUSTRIAL II-04 SANTO ANDRÉ DE COMESAÑA achega no apartado 1.04.7 da Memoria Xustificativa e nos planos correspondentes a xustificación expresa deste artigo.*

D) ADAPTACIÓN AS NNTTPP

*A documentación técnica achegada está composta por o cartafol raíz comprimido en soporte non editable 36057_PERI_202305_AD_01PDF.zip, cartafol raíz comprimido en soporte editable 36057_PERI_202305_AD_02EDIT.zip, as pegadas dixitais dos cartafoles comprimidos extensión .hexhash para a comprobación da coincidencia das pegadas dixitais e declaración responsable do redactor da coincidencia de soportes, Anexo 9 das NNTTPP.*

36057_PERI_202305_AD_01PDF.zip
36057_PERI_202305_AD_01PDF.zip.hexhash
36057_PERI_202305_AD_02EDIT.zip
36057_PERI_202305_AD_02EDIT.zip.hexhash
36057_PERI_202305_AD_Declaración respons...

*A estrutura de ambos os cartafoles e a seguinte segundo o Anexo 4, 01. MX, 02.PINF, 03.PORD, 04.NU, 05.CAT, 06.EE, 07.AAE, 08.MOD_ODPXOM nas que se inclúen a documentación escrita, as memorias, e a documentación gráfica, os planos. No cartafol editable inclúense os arquivos nos que se elaborou a memoria e os planos en formatos .docx e .mxd e tamén a fonte de datos vectorial, en formato shapefile .shp, e ráster.*

II ACTUACIÓNS ADMINISTRATIVAS REALIZADAS DENDE A APROBACIÓN INICIAL

A) ALEGACIÓNS

*Durante o período de información pública do expediente 16958/411 do PERI UE IND II-04 Sto. André de Comesaña, aberto polo prazo dous meses, mediante a publicación do anuncio nun dos xornais de maior difusión na provincia (Faro de Vigo, do 10/09/2022) no Diario Oficial de Galicia (nº 183 do 26/09/2022) e na sede electrónica municipal, non se presentaron escritos de alegación, segundo consta na certificación do secretario da Xerencia Municipal de Urbanismo de data 30/11/2022.*

B) INFORMES SECTORIAIS

*Trala aprobación inicial e durante o mesmo tempo no que realizouse a exposición ao público solicitáronse e recibíronse os informes sectoriais preceptivos*

-*ESTATAIS:*

ASINADO POR: SECRETARIO XERAL PLENO DA CORPORACIÓN - ( JOSÉ CARLOS RIESGO BOLUDA ) 27/09/2023 14:35:54 | TTE ALCALDE AREA FOMENTO E SERVIZOS - ( FRANCISCO JAVIER PARDO ESPIÑEIRA ) 27/09/2023 15:19:13 | ALCALDE - ( ABEL RAMÓN CABALLERO ÁLVAREZ ) 27/09/2023 20:18:05

Documento asinado

*1) Ministerio para la Transición Ecológica y el Reto Demográfico, Confederación Hidrográfica del Miño-Sil*

*Informe emitido con data 16/09/2022, doc nº 220224057 que expresa "Teniendo en cuanta que el ámbito afectado por el PERI no se encuentra en la Demarcación Hidrográfica del Miño-Sil, con esta misma fecha se remite el escrito referenciado al organismo Augas de Galicia, competente para informar la citada figura de planeamiento" (vease segundo informe de los autonómicos)*

*2) Ministerio de Transportes, Movilidad y Agenda Urbana, Puertos del Estado.*

*Informe emitido con data 29/09/2022, doc nº 220234634 que expresa "la propuesta no afecta al sistema portuario de titularidad estatal"*

*3) Ministerio de Asuntos Económicos y Transformación Digital, Secretaria general de Telecomunicaciones y Ordenación de los Servicios de Comunicación Audiovisual.*

*Informe emitido con data 14/10/2022 doc nº 220260090 que expresa "informe favorable condicionado a la corrección de los errores contenidos en los apartados indicados anteriormente..... una vez subsanados....deberá remitirnos una copia de las correcciones efectuadas"*

*4) Ministerio de Transportes, Movilidad y Agenda Urbana, Dirección General de Carreteras.*

*Informe emitido con data 22/11/2022 doc nº 220290341 que expresa "informar favorablemente......con la siguiente condición: las figuras de planeamiento que desarrollen el PERI deben tener en cuenta la propuesta de medidas correctoras del apartado 11 del estudio de afección acústica del PERI......que se transcribe a continuación: - Establecer las limitaciones a la edificabilidad, especialmente en la parcela de uso terciario, para que los niveles de ruido en línea de fachada no rebasen los objetivos de calidad acústica propuestos en este estudio. Dichas limitaciones de espacio han de ir destinadas a evitar la afección en Ldia y Ltarde por el tráfico rodado en la franja contigua a la carretera PO-325 y la afección en período noche debido al foco industrial. - Estudio acústico detallado de cada una de las actividades que se vayan a implementar en los sectores del PERI con el objetivo final de evitar que generen al ambiente exterior niveles de ruido que provoquen un aumento de los niveles ya existentes"*

*5) Delegación do Goberno en Galicia, Área de Fomento.*

*Oficio emitido con data 13/12/2022 doc nº 220320975 no que expresa: "o plan especial non ten incidencia nas propiedades ou zonas de servidume afectadas á Defensa Nacional, nin no Inventario de Bens e Dereitos do Estado, nin nas propiedades xestoras da Seguridade Social" así mesmo trasládanse os seguintes informes:*

*a) Ministerio para a Transición Ecolóxica eo Reto Demográfico, Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas. Informe do 24/10/2022 que expresa no seu apartado 7 "....para recabar las afecciones concretas deben consultar a las empresas que ejercen las actividades de generación, transporte y distribución en la zona"*

*b) Ministerio de Transportes, Movilidad y Agenda Urbana, Dirección General de Carreteras. Informe do 22/11/2022, sinalado no apartado 4) anterior.*

*6) Ministerio de Transportes, Movilidad y Agenda Urbana, Dirección General de Aviación Civil*

*Informe emitido con data 10/01/2023 doc nº 230015796 que expresa "...informa favorablemente el PERI.....en lo que a servidumbres aeronáuticas se refiere, siempre y cuando las construcciones propuestas u objetos fijos (postes, antenas, carteles,etc.) no vulneren las servidumbres aeronáuticas"*

*7) Administrador de Infraestructura Ferroviaria, ADIF. Informe solicitado polo promotor, emitido con data 10/11/2022 doc nº 220280301 que expresa "las obras planteadas en el proyecto de referencia no estarian afectadas por las Zonas de afección del ferrocarril, por lo que no precisan autorización deste administrador de infraestructuras"*

ASINADO POR: SECRETARIO XERAL PLENO DA CORPORACIÓN - ( JOSÉ CARLOS RIESGO BOLUDA ) 27/09/2023 14:35:54 | TTE ALCALDE AREA FOMENTO E SERVIZOS - ( FRANCISCO JAVIER PARDO ESPIÑEIRA ) 27/09/2023 15:19:13 | ALCALDE - ( ABEL RAMÓN CABALLERO ÁLVAREZ ) 27/09/2023 20:18:05

Documento asinado

*-<u>AUTONÓMICOS</u>:*

*1) Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, Instituto de Estudos do Territorio en materia da Paisaxe, informe emitido con data 14/11/2022 e nº doc 220283372 que expresa "o PERI..... atendeu ao sinalado no anterior informe do IET, polo que non se formula ningunha obxección para a súa aprobación"*

*2) Augas de Galicia, informe emitido con data 29/11/2022 nº doc 220297019 que expresa "informase favorablemente o PERI......sempre que se teñan en conta as prescricións sinaladas neste informe"*

*3) Consellería de Infraestruturas, Axencia Galega de Infraestruturas. Informes emitidos con datas 13/12/2022 doc nº 220321036 que provocou a achega de dous novos documentos corrixindo a documentación o 10/02/2023 doc nº 230040385 e o 3/05/2023 doc nº 230121737 completando a documentación da estrada autonómica e a sua categorización na memoria informativa e nos planos, segundo o catalogo de estradas aprobado, fixación da aliñación en toda a fronte do ámbito, prohibición do accesos desde a estrada autonómica, corrección sección tipo e mapas estratéxico de ruído correspondentes a os indicadores Ld, Le e Ln e estudo da mobilidade, ata que finalmente o 8/05/2023 doc nº 230126032 emitese novo informe que expresa "....favorable con respecto a afección do PERI.....condicionado a corrección do sombreado do dominio público da estrada PO-325 nos planos de ordenación..."*

*4) Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo. Informe emitido con data 14/11/2022 doc nº 220337142 que expresa "...as determinacións do PERI....resultan plenamente compatibles cos criterios, principios e normas do POL, non procedendo formular observación ao respecto"*

*O plan especial considerase previsto polo PGOU 1993, o ámbito aparece definido graficamente nos planos de ordenación e se establecen as determinacións de ordenación xeral necesarias para sua ordenación pormenorizada segundo o artigo 177.2, polo que non se precisa do informe preceptivo e vinculante, que refírese ao control da legalidade e a tutela dos intereses supra municipais, asi como do cumprimento das determinacións establecidas nas directrices de ordenación do territorio dos plans e dos planes territoriais e sectoriais, artigo 186.1.e) do RLSG e artigo 75.1.e) da LSG.*

*C) TRAMITE AMBIENTAL: INTEGRACIÓN DAS MEDIDAS AMBIENTAIS ESTABLECIDAS NO IAE*

*No informe sectorial do Instituto de Estudos do Territorio da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda de data 14/11/2022, da por atendido o sinalado no informe anterior no trámite de consultas no procedemento de avaliación ambiental estratéxica que derivou no informe ambiental estratéxico, que en data 26/10/2020 a Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sustentabilidade e Cambio Climático da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, fixo público o anuncio no DOG 10/11/2020. Neste informe o órgano ambiental considera que o PERI non ten efectos significativos no medio ambiente, polo tanto resolve non sometelo ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica ordinaria, polo que dende o punto de vista ambiental non hai novas actuacións que realizar e dáse por concluído o trámite.*

*D) DOCUMENTO PARA A APROBACIÓN DEFINITIVA*

*Téñense introducido nesta entrega as observacións sinaladas no apartado 12 do Informe técnico de data 22/06/2022 para a aprobación Inicial, relativas a adaptación as NNTTPP, accesibilidade e a complemento da documentación técnica.*

*NNTTPP: completáronse as pegadas dixitais dos cartafois comprimidos, as táboas de atributos e o contido das carpetas 07.AEE e 08.MOD_ODPXOM adaptouse ao regulado no Anexo 4.*

*Itinerarios accesibles: achegouse un novo plano PORD_15 de accesibilidade, onde xustificase que a situación do mobiliario urbano, o alumeado público, as sinais verticais,os alcorques das árbores, as paradas do transporte público, os contedores do*

ASINADO POR: SECRETARIO XERAL PLENO DA CORPORACIÓN - ( JOSÉ CARLOS RIESGO BOLUDA ) 27/09/2023 14:35:54 | TTE ALCALDE AREA FOMENTO E SERVIZOS - ( FRANCISCO JAVIER PARDO ESPIÑEIRA ) 27/09/2023 15:19:13 | ALCALDE - ( ABEL RAMÓN CABALLERO ÁLVAREZ ) 27/09/2023 20:18:05

Documento asinado

ASINADO POR: SECRETARIO XERAL PLENO DA CORPORACIÓN - ( JOSÉ CARLOS RIESGO BOLUDA ) 27/09/2023 14:35:54 | TTE ALCALDE AREA FOMENTO E SERVIZOS - ( FRANCISCO JAVIER PARDO ESPIÑEIRA ) 27/09/2023 15:19:13 | ALCALDE - ( ABEL RAMÓN CABALLERO ÁLVAREZ ) 27/09/2023 20:18:05

Documento asinado

*lixo non comprometerán as dimensións mínimas dos itinerarios accesibles das beirarrúas nin das prazas de aparcadoiro.*

*Documentación técnica: achegouse plano da proposta da rede de alumeado público, PORD_03LIS_ELE, e novos perfís coa rasante natural do terreo e que permiten analizar a rasante no interior das parcelas e o encontro coas parcelas adxacentes, planos do PORD_07 a PORD_14*

*Tamén téñense introducido nesta entrega as observacións e os condicionados sinalados nos informes sectoriais que polo seu alcance non teñen a consideración de modificacións que supoñan un cambio substancial do documento inicialmente aprobado e que son:*

*Ministerio de Asuntos Económicos y Transformación Digital, Secretaria general de Telecomunicaciones y Ordenación de los Servicios de Comunicación Audiovisual.*

*Na memoria informativa punto 01.3 incorporouse a lexislación sectorial en materia de telecomunicacións. Memoria xustificativa puntos 01.5.1.8, actualizouse a referencia a normativa sectorial, e nos puntos 01.7.1.4, 01.9.7.2 e 01.9.10 actualizáronse as normas UNE*

*Ministerio de Transportes, Movilidad y Agenda Urbana, Dirección General de Carreteras*

*No apartado 01.8 da Normativa Urbanística, establécese a necesidade de elaborar un estudio acústico de cada unha das actividades a implementarse no PERI, para non incrementar no ambiente exterior un nivel ruído maior do nivel existente, segundo as medidas correctoras do apartado 11 do estudo de afección acústica do PERI*

*Ministerio para a Transición Ecolóxica eo Reto Demográfico, Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas*

*Consta no expediente administrativo Informe favorable da suficiencia e viabilidade de subministro eléctrico emitido por Nedgia Galicia de data 23/08/2021, cod sol W593049-8875*

*Ministerio de Transportes, Movilidad y Agenda Urbana, Dirección General de Aviación Civil*

*Todas as construccións do PERI deberan obter a correspondente autorización de AESA polas servidumes aeronaúticas.*

*Augas de Galicia*

*Completouse o apartado 01.5.1.2.da Memoria xustificativa e delimitase claramente a fección pola lámina de inundación na información do PERI Plano PINFS_04IOT_AFEC*

*Consellería de Infraestruturas, Axencia Galega de Infraestruturas.*

*Achegáronse novos planos co sombreado do dominio da estrada solicitado, planos PORD_01_USOS_1, PORD_01_USOS_2 e PORD_02_LIC*

## *III CALIDADE TÉCNICA DA ORDENACIÓN PROXECTADA*

*O obxecto do PERI é modificar/establecer a ordenación pormenorizada e as determinacións urbanísticas para, conseguir unha ordenación que responda a realidade e as necesidades actuais.*

- *facer compatible a ordenación coa lexislación sectorial, minimizando a incidencia significativa ante o risco derivado de inundación, no suroeste do ámbito, ao retirar os usos lucrativos anteriores pola proposta de espazos libres e aparcadoiro e detraer do ámbito inicial a parte expropiada ao norte co motivo do proxecto de trazado e construción da circunvalación de Vigo,VG-20.*

ASINADO POR: SECRETARIO XERAL PLENO DA CORPORACIÓN - ( JOSÉ CARLOS RIESGO BOLUDA ) 27/09/2023 14:35:54 | TTE ALCALDE AREA FOMENTO E SERVIZOS - ( FRANCISCO JAVIER PARDO ESPIÑEIRA ) 27/09/2023 15:19:13 | ALCALDE - ( ABEL RAMÓN CABALLERO ÁLVAREZ ) 27/09/2023 20:18:05

Documento asinado

- *resolución de problemas de convivencia de tipoloxía e usos na zona, confluencia de usos industriais-terciarios, ao oeste, cunha área residencial de baixa densidade da Rúa Cañiza, ao leste, con medidas que favorecen a transición.*
- *mellora da paisaxe urbana da zona ao dotala dunha imaxe máis acabada e homoxénea, remate da trama nun baleiro urbano de reducido ámbito territorial que actualmente presenta un considerable estado de deterioro ambiental,*
- *mellora dos servizos a poboación da zona residencial intensiva de Navia,*
- *introdución de usos coherentes coas características paisaxísticas da contorna en sintonía coas previsións da Revisión do PXOM, no que se propoñen tres ámbitos de uso global Industrial 60% e Terciario 40%*

## *IV CONFORMIDADE DO PLAN COA LEXISLACIÓN VIXENTE*

### *A) XUSTIFICACIÓN EXPRESA DAS DETERMINACIÓNS ESIXIDAS NA LSG E NO RLSG*

*O artigo 157 do RLSG establece as condicións que deben cumprir os planes que modifiquen a ordenación detallada o PERI da UE INDUSTRIAL II-04 SANTO ANDRÉ DE COMESAÑA achega xustificación suficiente destes artigos na Memoria Xeral, apartados 1.4, 1.5 e 1.6*

*i) que supoñan una mellora substancial da ordenación e a articulación dos espazos libre e os volumes construídos, eliminación de usos non desexables o a incorporación de outros necesarios, resolución de problemas de mobilidade e outros fins análogos. Ao longo do expediente e no trámite ambiental dedúcese de xeito obxectivo que o PERI mellora substancialmente a ordenación pola:*

- *introdución de usos coherentes coas características paisaxísticas da contorna (IET) en sintonía coas previsións da Revisión do PXOM, no que se propoñen tres ámbitos de uso global Industrial 60% e Terciario 40% e uso característico Industrial (PERIs 611,612 e 613)*
- *resolución de problemas de convivencia de tipoloxía e usos na zona, confluencia de usos industriais-terciarios, ao oeste, cunha área residencial de baixa densidade da Rúa Cañiza, ao leste, con medidas que favorecen a transición (IAE e Revisión do PXOM).*
- *mellora da paisaxe urbana da zona ao dotala dunha imaxe máis acabada e homoxénea (IET) remate da trama nun baleiro urbano de reducido ámbito territorial que actualmente presenta un considerable estado de deterioro ambiental (IAE) mellora dos servizos a poboación da zona residencial intensiva de Navia, nunha zona con boa conectividade e axeitada accesibilidade, tanto cara á VG-20 como á Avda da Florida.(IAE)*
- *compatibilidade coa lexislación sectorial: minimizando a incidencia significativa ante o risco derivado de inundación, no suroeste do ámbito, o ao retirar os usos lucrativos anteriores por a proposta de espazos libres e aparcadoiro (IAE)*
- *compatibilidade coa lexislación ambiental, non se producen efectos ambientais significativos derivados da nova ordenación (IAE)*
- *sen incidencia na dispoñibilidade de recursos hídricos ou na suficiencia de infraestruturas de servizo (empresa concesionaria e IAE)*

*ii) que non afecten nin alteren as determinacións sinaladas nos artigos 52, 54.2, 55.2 y 56.1 da LSG e os 105.1, 119.2, 123.3 y 124.3, y 126.1 do RLSG*

*O Plan especial segundo o artigo 105.1 do RLSG non substitúe ao planeamento xeral na función de instrumento de ordenación integral do territorio, pero poden alterar certas determinacións do planeamento urbanístico xeral e establecer limitacións de uso que sexan*

necesarias para solucionar un problema concreto e alcanzar a finalidade que os xustifica, neste caso e a introdución dun uso compatible que non substitúe ao industrial que continua ser o característico e maioritario.

Sen afectar a:

a)obxectivos xerais e criterios da ordenación do plan xeral compatibles coa normativa sectorial e ambiental
b)clasificación do solo tipo e categoría
c)división do solo urbano en distritos
d)delimitación dos ámbitos de reforma interior
e)determinación do sistema de actuación dos ámbitos de solo urbano no consolidado

f)estrutura xeral e orgánica do territorio integrada polos sistemas xerais determinantes do desenvolvemento urbano, e en particular polos sistemas xerais de comunicación, de espazos libres e zonas verdes públicas, de equipamento comunitario público e de servizos urbanos

g)análise da mobilidade, previsión de aparcamentos de titularidade públicas

h)catalogo de elementos que por sus valores naturais ou culturais deban ser conservados

i)delimitación de las areas de reparto en solo urbano no consolidado.

j)carácter público o privado de las dotacións.

k)determinación de los prazos para a aprobación do planeamento

l)determinacións necesarias para que as construcións e instalacións cumpran as condicións de adaptación ao medio ambiente.

O PERI da UE INDUSTRIAL II-04 SANTO ANDRÉ DE COMESAÑA achega memoria xustificativa na que indica a non alteración dos obxectivos xerais e criterios da ordenación do plan xeral compatibles coa normativa sectorial e ambiental, nin a clasificación do solo, tipo e categoría, nin a división de distritos, nin o ámbito, nin os sistemas xerais de comunicación, de espazos libre e zonas verdes, de equipamento comunitario e de servizos urbanos, mellora a mobilidade, non existen elementos naturais ou culturais afectados, nin a delimitación das áreas de reparto, nin ao carácter público das dotacións, nin dos prazos para aprobación do planeamento, nin das normas de adaptación ao medio ambiente.

O Plan especial segundo o artigo 119.2 do RLSG conterá as determinacións seguintes:
a)delimitación do ámbito
b)determinación dos usos globais e da superficie total edificable
c)fixacións das contías das reservas mínimas de solo de sistemas locais
d)previsión dos sistemas xerais necesarios para el desenvolvemento do plane especial
e)fixación das reservas de solo para vivenda protexida

O PERI da UE INDUSTRIAL II-04 SANTO ANDRÉ DE COMESAÑA conten a delimitación do ámbito a determinación dos usos globais e a superficie total edificable, ni a previsión dos sistemas xerais necesarios nin as reservas de solo de vivenda protexida, son o caso para este ámbito.
iii) que no impliquen un incremento da superficie edificable total nin a modificación dos usos globais establecidos no plan xeral

O PERI da UE INDUSTRIAL II-04 SANTO ANDRÉ DE COMESAÑA non supera a edificabilidade máxima permitida de 28.676 m2, nin modifica o uso global industrial que segue e ser o característico e maioritario co 51%, incorpora un novo uso comercial, xa compatible na ordenación anterior e recoñecido como desexable ou aconsellable no momento de executa o plan, que correspondese co 49% restante.

ASINADO POR: SECRETARIO XERAL PLENO DA CORPORACIÓN - ( JOSÉ CARLOS RIESGO BOLUDA ) 27/09/2023 14:35:54 | TTE ALCALDE AREA FOMENTO E SERVIZOS - ( FRANCISCO JAVIER PARDO ESPIÑEIRA ) 27/09/2023 15:19:13 | ALCALDE - ( ABEL RAMÓN CABALLERO ÁLVAREZ ) 27/09/2023 20:18:05

Documento asinado

ASINADO POR: SECRETARIO XERAL PLENO DA CORPORACIÓN - ( JOSÉ CARLOS RIESGO BOLUDA ) 27/09/2023 14:35:54 | TTE ALCALDE AREA FOMENTO E SERVIZOS - ( FRANCISCO JAVIER PARDO ESPIÑEIRA ) 27/09/2023 15:19:13 | ALCALDE - ( ABEL RAMÓN CABALLERO ÁLVAREZ ) 27/09/2023 20:18:05

Documento asinado

*iiii) que non supoñan unha diminución, fraccionamento ou deterioro da capacidade de servizo ou funcionalidade dos espazos previstos para os sistemas locais de dotacións públicas.*

*O PERI da UE INDUSTRIAL II-04 SANTO ANDRÉ DE COMESAÑA parte dun único sistema local viario en fondo de saco e convertese en un viario pasante con rotonda intermedia que comunica a Travesía de Ricardo Mella co camiño do Caramuxo, aumentándose a superficie, a capacidade de servizo e a funcionalidade de dito sistema local.*

*O PERI da UE INDUSTRIAL II-04 SANTO ANDRÉ DE COMESAÑA achega unha Memoria Xustificativa na que se xustifican unha a unha a todas as determinacións esixidas. A comparativa realizase sobre as determinacións do PGOU-93, as ordenanzas establecen as edificabilidades máximas que non poderán ser superadas. A edificabilidade máxima Industrial é de 14.624,76m2, correspondente ao 51% do total, e a edificabilidade máxima Terciaria é de 14.051,24m2, o 49% restante.*

*A cesión do 10% do aproveitamento xa foi realizada no proxecto de compensación anteriormente aprobado e o Concello xa ten alleado dita parcela. Nin na anterior ordenación, nin na ficha establecíanse reservas de solo para dotacións de espazos libres públicos nin de equipamentos e tampouco establécense na ordenación ao tratarse dun ámbito industrial-terciario. Establécense 287 prazas de aparcadoiro, das que 73 sitúanse nos viarios públicos e proxectase a plantación de 40 árbores.*

| | | | PXOU 93 | LSG (Art. 41 e 42) | PERI UE 4 COMESANA I |
|---|---|---|---|---|---|
| **SUPERFICIES** | | | | | |
| Supf. Delimitada | m2 | | 30996 | | 28676 |
| Supf. Dotacións existentes | m2 | | 0 | | 1371 |
| Supf. Computable | m2 | | 30996 | | 27305 |
| **USOS E INTENSIDADES** | | | | | |
| Indice Edificabilidade | m2t/m2s | | 1,33 | Artigo 41.3 1,00 | 1,00 |
| Edificabilidade máxima | m2t | | 41224 | 28676 | 28676 |
| Uso global caracteristico | | | Industrial | | Industrial |
| Tipoloxia | | | Illada o entre medianeras | | Illada o entre medianeras |
| Altura máxima | | | | | III plantas 15,00m |
| Ordenanzas de referencia | | | Ordenanza 2.2.D.a | | Edificación Industrial |
| | | | | | Edificación Terciaria |
| Nº máximo de vivendas | | | 0 | | 0 |
| 30% Vivendas PA | | | 0 | | 0 |
| Vivendas libres | | | 0 | | 0 |
| **XESTION** | | | | | |
| Delimitación | | | Poligono único | | Poligono único |
| Sistema de actuación | | | Compensación | | Compensación |
| **RESERVAS SISTEMAS LOCAIS** | | | | | |
| EL-ZV públicos | m2s | | 0 | Artigo 42,2 0 | 0 |
| Equipamientos públicos | m2s | | 0 | Artigo 42.2 0 | 0 |
| Viario público | m2s | | | | 4835 |
| Total superficies de cesión obrigad | m2s | | | | 4835 |
| Aparcamento total | nº de prazas | | | 1 praza /100m2t 287 | 287 |
| Aparcamento dominio público | nº de prazas | | | 0,25 pr/100m2t 72 | 73 |
| Arborado | ud. | | 0 | Artigo 42.2 0 | 40 |
| **SUPERFICIES ZONIFICACION** | | | | | |
| Ordenanza Edificacion Industrial | m2s | | | | 9737 |
| Ordenanza Edificación Terciaria | m2s | | | | 14104 |
| Total superficies aproveitamentos | m2s | | | | 23841 |
| Total cesións | m2s | | | | 4835 |
| Total ámbito | m2s | | | | 28676 |
| **APROVEITAMENTOS LUCRATIVOS** | | | | | |
| | Supf. Solo m2 | | Uso pormenorizado caract. | | |
| Ordenanza Edificacion Industrial | 9737 | | Industrial | | 14624,76 |
| Ordenanza Edificación Terciaria | 14104 | | Terciario | | 14501,24 |
| Total superficies aproveitamentos | 23841 | | | | 28676,00 |
| | | | | | |
| Uso global | Uso pormenorizado | | Superficie edificable | Coef. de ponderación | Edificabilidade ponderada |
| Industrial | Industrial | | 14624,76 | 1,00 | 14624,76 |
| Terciario | Terciario | | 14501,24 | 1,21 | 17546,50 |
| TOTAL | | | 28676,00 | | 32171,26 |
| APROVEITAMENTO TIPO | | | | | 1,17 |

B) FICHA RESUMO DA ORDENACIÓN

01 Superficies

- A superficie do ámbito inicial 30.996 m²
- A superficie expropiada VG-20 2.320 m²
- A superficie do ámbito 28.676 m²
- Porcentaxe de variación da delimitación 7,48%
- Sistemas Locais existentes Viario 1.371 m²
- Superficie computable para o aproveitamento tipo 27.305 m²

Non se proxectan sistemas xerais --

Sistema viario 4.835 m2

02 Usos e intensidades

- Índice de edificabilidade máxima 1,00 m²c/m²s
- Superficie total edificable 28.676 m²c
- Uso característico: Industrial
- Altura máxima 3 Plantas, 15 m

(No obstante, a altura máxima poderá superarse por elementos singulares debidamente xustificados)

03 Edificabilidades

- Uso Global característico: Industrial
- Otros usos globais: Terciario xeral
- Coeficiente homoxenización (Industrial) 1,00
- Coeficiente homoxenización (Terciario xeral) 1,21
- Aproveitamento Tipo (AT) 1,17 m²c/m²s.

04. Desenvolvemento e xestión

- Iniciativa de Formulación do planeamento: Privada
- Sistema de Actuación Compensación
- Prazo Proxecto Equidistribución e urbanización 2 anos (trala aprobación PERI)

05. Reservas mínimas para sistemas locais

- Por as características do ámbito, non se contemplan reservas mínimas para sistemas locais

06. Cargas urbanísticas específicas

- A xunta de compensación asumirá o custo das obras de urbanización da zona expropiada no Nordés do ámbito

na Avda. Ricardo Mella para executar este viario perimetral en conxunto co desenvolvemento do resto do ámbito.

07. Obxectivos de planeamento e criterios de ordenación.

- Completar a trama urbana existente para adecuala ao conxunto da cidade.
- Creación de solo para uso industrial, facendo compatible o desenvolvemento do ámbito co solo de uso de terciario.

C) NORMAS DE APLICACIÓN DIRECTA

ASINADO POR: SECRETARIO XERAL PLENO DA CORPORACIÓN - ( JOSÉ CARLOS RIESGO BOLUDA ) 27/09/2023 14:35:54 | TTE ALCALDE AREA FOMENTO E SERVIZOS - ( FRANCISCO JAVIER PARDO ESPIÑEIRA ) 27/09/2023 15:19:13 | ALCALDE - ( ABEL RAMÓN CABALLERO ÁLVAREZ ) 27/09/2023 20:18:05

Documento asinado

ASINADO POR: SECRETARIO XERAL PLENO DA CORPORACIÓN - ( JOSÉ CARLOS RIESGO BOLUDA ) 27/09/2023 14:35:54 | TTE ALCALDE AREA FOMENTO E SERVIZOS - ( FRANCISCO JAVIER PARDO ESPIÑEIRA ) 27/09/2023 15:19:13 | ALCALDE - ( ABEL RAMÓN CABALLERO ÁLVAREZ ) 27/09/2023 20:18:05
Documento asinado

*A ordenación contida no Plan Especial da cumprimento ao sinalado no artigo 216 do RLSG, en canto á adaptación do ambiente e protección da paisaxe as que vinculan:*

*.-aos instrumentos de planeamento, ao uso do solo, a súa urbanización e edificación adaptaranse as características naturais e culturais do entorno, así como respectaran os seus valores e*

*.-as construcións e instalacións deberan adaptarse ao ambiente no que estiveran situadas.*

*D) COMPATBILIDADE COA REVISIÓN DO PXOM EN TRAMITACIÓN*

*En data de 29 de agosto de 2021 o Pleno do concello aprobou de xeito inicial o documento da Revisión do Plan Xeral de Ordenación Municipal, RPXOM, este documento clasifica os terreos deste PE como Solo Urbano No Consolidado, e delimita o ámbito SUNC 612, Comesaña Ricardo Mella-Caramuxo con similares determinacións, uso característico Industrial e usos globais Industrial-Terciario, sendo as previsións da RPXOM plenamente compatibles co presente PERI.*

*Segundo o artigo 186.1.f) do RLSG e artigo 75.1.f) da LSG, cumprimentados os trámites sinalados e non sendo necesario a emisión de outros informes sectoriais con carácter previo á Aprobación Definitiva, segundo a tabla 2 do Anexo II do RLSG e tralo presente informe técnico favorable, procede a Aprobación Definitiva do O PERI da UE INDUSTRIAL II-04 SANTO ANDRÉ DE COMESAÑA polo órgano municipal.*

II.- FUNDAMENTOS DE DEREITO / VALORACIÓN XURÍDICA
I.- Normativa examinada.

– TRLS/2015 (RD Lex. 7/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Solo e Rehabilitación urbana),

- LSG (L.2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia),

- RLSG (Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei do Solo de Galicia), e as súas modificacións,

- L. 21/2013, do 9 de decembro, de Avaliación ambiental

- L. 5/2016, do 4 de maio, do Patrimonio cultural de Galicia,

- L.8/2012, do 29 de xuño, de Vivenda de Galicia,

- L.10/2014, do 3 de decembro, de Accesibilidade,
- D. 35/2000, do 28 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de desenrolo e execución da Lei de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia,
- Lei 7/2017, do 14 de decembro, de medidas da eficiencia enerxética e garantía da accesibilidade á enerxía eléctrica
- Lei 37/2003, do 17 de novembro, do ruído.
- Lei 9/2014, do 9 de maio, Xeral de Telecomunicacións.
- Lei 3/2013, do 20 de maio, de impulso e ordenación das infraestruturas de telecomunicacións de Galicia
- Lei 9/2010, de 4 de novembro, de augas de Galicia
- Lei 37/2015, do 29 de setembro, de Estradas.
- Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia.
- Decreto 66/2016, do 26 de maio, polo que se aproba o Regulamento xeral de estradas de Galicia
- LRBRL (L.7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime local),
- LPACAP (L.39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas),
- Normas técnicas de planeamento urbanístico de Galicia (NNTT), aprobadas pola Orde do 10.10.2019 da Consellería de Medio Ambiente Territorio e Vivenda (DOG 25.11.2019)
- Lei de protección da paisaxe de Galicia, Lei 7/2000, do 23 de marzo, e as súas modificacións,

- Decreto 96/2020, do 29 de maio polo que se aproba o Regulamento da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe,
- Decreto 238/2020, do 29 de decembro, polo que se aproban as Directrices da paisaxe de Galicia.
- Estatutos da Xerencia Municipal de Urbanismo (A.D. Pleno 29.07.1996, BOP 04.09.1996; modificación: versión consolidada A.D. Pleno 20.10.2000, BOP 06.11.2000),
- PXOU-93. Expediente de subsanación de deficiencias na adaptación do PXOU de Vigo de 1988 á LASGA (Lei 11/85, de 22 de agosto de adaptación do solo a Galicia. A aprobación definitiva de dito PXOU 1993 foi publicada no DOG núm 87 o día 10/05/1993 e a súa normativa foi publicada no B.O.P 133, o 14 de xullo de 1993,
- O instrumento de ordenación provisional do Concello de Vigo, aprobado definitivamente polo Pleno do Concello de Vigo con data do 24.07.2019 , no expediente 16022/411,
- O resto de disposicións que puideran afectar,

II. Ámbito, obxecto e natureza natureza xurídica

Os terreos delimitados sitúanse na zona sudeste da cidade de Vigo, nun baleiro urbano emprazado ao norte da parroquia de San Andrés de Comesaña. Linda ao norte e Leste coa avenida Ricardo Mella, e ao Sur coa rúa Caramuxo e ao Oeste con solos urbanos de uso industrial, cunha superficie do ámbito inicial 30.996 m2, co obxecto de establecer a ordenación detallada e as determinacións urbanísticas para desenvolver usos terciarios e industriais, propondo que, a tramitación do PERI xustifícase na realidade actual do ámbito, circunstancias que alteraron as súas previsións, como a execución da VG-20 e o desenvolvemento do Barrio de Navia.
Desta forma na documentación presentada descríbese e xustificase os obxectivos da Modificación proposta que consisten basicamente en, reordenar os volumes edificables tendo en conta a nova liña límite de edificación, aliñacións e a menor superficie das parcelas da unidade de execución, para resolver a afección que supuxo a execución da autovía VG-20; Modificar as condicións de parcelación, establecendo unha ordenación volumétrica que permita acoller usos comerciais ou industriais adaptados á contorna residencial do barrio de Navia, ordenar a parte afectada da industria instalada na parte limítrofe polo suroeste; e variar as porcentaxes de usos establecidas na ordenanza, e alterar o trazado de viario interior do ámbito.

Deste xeito, e no que atinxe ao ámbito e aos obxectivos da presente Modificación, remitímonos integramente ao reflectido no antedito informe técnico do 31.05.2023, por non incorrer en repeticións innecesarias.

Neste senso, a súa natureza é a dun plan de desenvolvemento, dos relacionados nos artigos 70 e 72 da LSG e nos artigos 177, 178, e 180 a 181, así como o artigo 184 do seu Regulamento de desenvolvemento, coas finalidades, obxecto e documentación que neles se describen.

III. Exame da documentación técnica e cumprimento da normativa de aplicación.

A documentación que neste intre se somete a aprobación definitiva, presentada no rexistro electrónico da XMU con data do data do 29.05.2023,- Doc. núm. 230150861, e co COD.SOL.:W915714-4096- inclúe toda a documentación necesaria para a súa aprobación definitiva, completando o seu corpo documental e incorporando, en esencia, as modificacións propostas como consecuencia do estudo dos informes sectoriais achegados ao expediente; en particular ao aludido no informe previo á aprobación definitiva, de carácter favorables, asinado pola Dirección xeral de ordenación do territorio e urbanismo da Xunta de Galicia con data do 08.06.2021; así como ás observacións e/ou consideracións reflectidas nos seguintes informes sectoriais: Informe da Dirección Xeral da Costa e do Mar do 05.05.2021, Informe da Dirección xeral de Telecomunicacións e Ordenación de servizos de comunicación audiovisual de data 23.07.2020, e informe da Dirección xeral de aviación civil do 23.10.2020.

O dito instrumento de planeamento de desenvolvemento, na súa versión para aprobación definitiva, confórmase polos seguintes documentos.:

I. Memoria

01Memoria Informativa: Anexo. I Consulta urbanística; Anexo II. Resposta consulta urbanística XMU; Anexo III. Acordo do Pleno

ASINADO POR: SECRETARIO XERAL PLENO DA CORPORACIÓN - ( JOSÉ CARLOS RIESGO BOLUDA ) 27/09/2023 14:35:54 | TTE ALCALDE AREA FOMENTO E SERVIZOS - ( FRANCISCO JAVIER PARDO ESPIÑEIRA ) 27/09/2023 15:19:13 | ALCALDE - ( ABEL RAMÓN CABALLERO ÁLVAREZ ) 27/09/2023 20:18:05

Documento asinado

02 Memoria Xustificativa: Anexo. I. Ficha Resumen; Anexo II. Estudo de avaliación da mobilidade; Anexo III. Ficha da vixencia de planeamento; Anexo IV. Estudo de paisaxe urbano; Anexo V. Estudo acústico

II. Planos: Planos de información; Planos de ordenación;

III. Normas urbanísticas

IV .Estudo económico: 01 Estudio Económico; 02 Memoria de viabilidade económica

V. Documento ambiental estratéxico

Consonte ao disposto nos artigos 84.1 da LSG e 201.1 do RLSG, o instrumento que nos ocupa ten natureza de disposición de carácter xeral.

IV. Axuizamento dos informes sectoriais recadados ao presente expediente

Incorpóranse e forman parte do presente expediente, os informes sectoriais supra relacionados no relato de feitos da presente, así como no informe técnico de data 31.05.2023, do xeito e co resultado xa indicado.

Todas as consideracións aludidas nos referidos informes sectoriais, foron consideradas e incorporadas á documentación técnica elaborada e subscrita polo técnico redactor con data maio de 2023 e que se somete neste intre a aprobación definitiva, e así o fai constar expresamente con limiar precisión a arquitecta municipal xefa do departamento de desenvolvemento urbanístico no antedito informe técnico.

Conclusión.- Tralo análise técnico e xurídico, co dito alcance de avaliar a integridade documental do instrumento urbanístico, as actuacións administrativas realizadas, a calidade técnica da ordenación proxectada, e a conformidade coa lexislación vixente, Infórmase favorablemente polas que subscriben a presente proposta, a aprobación definitiva do «Plan especial da UE II-04 Industrial de Santo André de Comesaña», instrumento urbanístico de iniciativa particular promovido pola entidade “Global Fitness Sport, SL”

Xa que logo, procede neste intre, propor ao órgano municipal competente, a súa aprobación definitiva. O Plan definitivamente aprobado someterase ás esixencias de publicidade que dispón o artigo 82 da LSG en relación co artigo 87 e 88 do mesmo corpo legal, e 199 do seu Regulamento de desenvolvemento, á inscrición do instrumento no Rexistro de planeamento urbanístico de Galicia, e ao que dispoña a tal efecto a lexislación de réxime local.

Dito instrumento de planeamento urbanístico será inmediatamente executivo trala a súa entrada en vigor, segundo o disposto no amentado artigo 82 da LSG. A aprobación definitiva do instrumento pon fin, en todo caso, á suspensión do procedemento de outorgamento de licenzas que tivera lugar con fundamento no artigo 47 da LSG e 86 do RLSG.

V.- Órgano competente

Resulta competente para a adopción do presente acordo o Pleno do Concello de Vigo, (artigos 75.4 LSG e artigo 123.1.i) , previo ditame do Consello da XMU (artigos 3º.1 e 10º.1.a) dos Estatutos da XMU( AD versión consolidada aprobada polo Pleno o día 06.09.2010 -BOP nº.193, do 06.10.2010) na súa

ASINADO POR: SECRETARIO XERAL PLENO DA CORPORACIÓN - ( JOSÉ CARLOS RIESGO BOLUDA ) 27/09/2023 14:35:54 | TTE ALCALDE AREA FOMENTO E SERVIZOS - ( FRANCISCO JAVIER PARDO ESPIÑEIRA ) 27/09/2023 15:19:13 | ALCALDE - ( ABEL RAMÓN CABALLERO ÁLVAREZ ) 27/09/2023 20:18:05
Documento asinado

condición de comisión informativa do Pleno (artigos 122.4.a) LRBRL e 47 e ss. ROF). Polo anteriormente exposto, e sen prexuízo do que corresponda informar preceptivamente polo Secretario da XMU- Secretario xeral do Pleno, proponse ao Pleno do Concello de Vigo, a adopción do seguinte,

Deseguido a funcionaria informante emite a proposta que se transcribe na parte dispositiva deste acordo.

O Consello da Xerencia de Urbanismo, na súa sesión ordinaria do 13 de xuño de 2023, ditamina favorablemente o acordo.

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual incorporado a Acta.

*Incidencia. A concelleira e 1ª Tenente de Alcaldía, Sra. Silva Rego, abandona o Salón de Plenos.*

VOTACIÓN: Con dezasete votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Alonso Suarez, Aneiros Pereira, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estevez Rodríguez, Fernández Pérez, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodíguez Calviño, Rodríguez Rodíguez e a Presidencia, e oito abstencións dos membros do grupo municipal do Partido Popular señoras e señores, Fernández Tapias, Garrido Valenzuela, Gonzalez Abeijon, Martin Peña e Sanchez Méndez, e mais dos membros do grupo municipal do BNG, señores e señora, Abalde Comesaña, Martinez Piñeiro, Pérez Igrexas, adóptase o seguinte,

ACORDO.

PRIMEIRO: Prestar aprobación definitiva a «Plan especial da UE II-04 Industrial de Santo André de Comesaña», instrumento urbanístico de iniciativa particular promovido pola entidade "Global Fitness Sport, SL", que inclúe a documentación técnica necesaria para a súa aprobación definitiva, inserida no rexistro electrónico desta Xerencia Municipal de Urbanismo con data do 29.05.2023- Doc. núm. 230150861, e co COD.SOL.:W915714-4096-, achegada en soporte dixital, elaborada e asinada dixitalmente polo arquitecto Pedro de la Puente Crespo, con data maio de 2023.

SEGUNDO. Ordenar a publicación do presente acordo no DOG (consignando a referencia do DOG no que se publicou o informe ambiental estratéxico) e, posteriormente, remitir un exemplar do instrumento definitivamente aprobado en soporte dixital e debidamente dilixenciado, á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda para a súa inscrición no Rexistro de Planeamento Urbanístico de Galicia. Recibido o certificado de inscrición, publicarase a normativa no Boletín Oficial de Pontevedra, de conformidade co disposto no artigo 82 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, e 199 do seu Regulamento de desenvolvemento.

TERCEIRO: O contido íntegro do instrumento definitivamente aprobado estará dispoñible no seguinte enderezo electrónico https://hoxe.vigo.org/movemonos/urbanismo_pxom2.php?lang=gal#/ , e no Portal de Transparencia.

CUARTO: Remitir un exemplar da documentación aprobada definitivamente, debidamente dilixenciada, aos correspondentes organismos da administración estatal e autonómica, con competencias sectoriais na materia, en atención as consideracións e/ou observacións realizadas nos nomeados informes sectoriais emitidos e que obran incorporados ao expediente de razón.

ASINADO POR: SECRETARIO XERAL PLENO DA CORPORACIÓN - ( JOSÉ CARLOS RIESGO BOLUDA ) 27/09/2023 14:35:54 | TTE ALCALDE AREA FOMENTO E SERVIZOS - ( FRANCISCO JAVIER PARDO ESPIÑEIRA ) 27/09/2023 15:19:13 | ALCALDE - ( ABEL RAMÓN CABALLERO ÁLVAREZ ) 27/09/2023 20:18:05
Documento asinado

QUINTO: Notificar individualmente o presente acordo na forma prevista no artigo 184.4 in fine do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

SEXTO: Perante o presente acordo, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, a partir do día seguinte ao da súa publicación, de acordo co artigo 46.1 da LRXCA, perante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, sen prexuízo do exercicio doutras accións legais que se estimen convenientes.

*Incidencia. Neste intre e en cumprimento de acordo plenario, a Corporación e máis todas as persoas presentes no salón de Plenos, postas en pé, gardan un minuto de silencio en memoria das vítimas da violencia de xénero.*

*Incidencia. O Alcalde-presidente abandona o Salón de Plenos, pasando a presidir a sesión o 2º Tenente de Alcalde, Sr. Pardo Espiñeira.*

**MOCIÓNS:**

**12.(94) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR REPROBANDO A ACTUACIÓN DA EXPRESIDENTA DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA, SRA. CARMELA SILVA, ASÍ COMO DOS DEPUTADOS SOCIALISTAS VIGUESES NO ANTERIOR GOBERNO PROVINCIAL E OUTROS ACORDOS COMPLEMENTARIOS. EXPTE. PLENO 3955/1101.**

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 26 de xullo de 2023, número 3955/1101, a voceira do grupo municipal do Partido Popular, Sra. Fernández-Tapias, formula a seguinte,

MOCIÓN

“O pasado día 3 de xullo foille comunicada á Deputación de Pontevedra a solicitude de adscrición parcial do inmoble do número 18 da rúa Chao da Concellería de Patrimonio Histórico, Cultura, Igualdade e Normalización Lingüística e o rescate e extinción parcial da concesión de dominio sobre o mesmo inmoble que lle fora outorgada.

Cómpre lembrar que a apertura dunha sede da institución provincial na cidade foi un compromiso materializado polo anterior goberno do PP co obxectivo de atender ás demandas dos cidadáns e evitarlles desprazamentos a Pontevedra para resolver as tramitacións administrativas que dela dependen.

No 2008 a Deputación de Pontevedra inauguraba a primeira sede de Vigo no número 3 da rúa Oporto, no edificio anexo ao antigo reitorado, que fora cedido dous anos antes polo Concello de Vigo baixo mandato popular. Entre os seus cometidos principais figuraban, amais do servizo de atención ao cidadán, a promoción do turismo e da cultura.

ASINADO POR: SECRETARIO XERAL PLENO DA CORPORACIÓN - ( JOSÉ CARLOS RIESGO BOLUDA ) 27/09/2023 14:35:54 | TTE ALCALDE AREA FOMENTO E SERVIZOS - ( FRANCISCO JAVIER PARDO ESPIÑEIRA ) 27/09/2023 15:19:13 | ALCALDE - ( ABEL RAMÓN CABALLERO ÁLVAREZ ) 27/09/2023 20:18:05
Documento asinado

Doce anos máis tarde a sede viguesa da institución se traslada á rúa de Eduardo Chao, contribuíndo así, segundo argumentaron socialistas e nacionalistas ao fronte do ente provincial, *"á recuperación definitiva do centro histórico da cidade e a potenciar a programación cultural de Vigo, dando cabida no inmoble a todo tipo de expresións artísticas e a actividades realizadas en colaboración co tecido asociativo, o sector empresarial, a comunidade universitaria ou colectivos que traballan para garantir os dereitos sociais".*

Por tanto, queda acreditada a importancia de dispor dunha sede de referencia e de representación da institución provincial na cidade, por canto permite achegar á cidadanía do sur da provincia de Pontevedra uns servizos públicos en cantidade e calidade.

En consecuencia, a reversión da concesión, en trámite polo Concello de Vigo, suporía unha redución dos espazos que hoxe ocupa a Deputación de Pontevedra en Vigo impedindo a actividade permanente de atención e información á cidadanía dos servicios que ata agora viña prestando. E anularía o concepto de espazo aberto para o que foi configurada esta sede, dirixida aos diferentes colectivos e movementos asociativos do sur da provincia.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Municipal do PP propón ao Pleno da Corporación a adopción dos seguintes acordos:

1. Reprobar a actuación da expresidenta da Deputación de Pontevedra, Carmela Silva, así como dos deputados socialistas vigueses no anterior goberno provincial, que nunha manobra de marcado carácter partidista e político pretenden deixar a Vigo sen sede da institución provincial

2. Arquivar o expediente de rescate parcial da sede de Vigo da Deputación de Pontevedra; ou indemnizar á institución provincial, polo incumprimento do Concello dos acordos establecidos no convenio con vigor ata o 2029 e na cantidade investida na reforma do edificio sito na rúa de Eduardo Chao, para que a cidade poida seguir contando cunha sede."

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual incorporado a Acta.

VOTACIÓN: Con cinco votos a favor dos membros do grupo municipal do Partido Popular, señoras e señores, Fernández Tapias, Garrido Valenzuela, Gonzalez Abeijon, Martin Peña e Sanchez Méndez, e dezanove votos en contra dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Alonso Suarez, Aneiros Pereira, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estevez Rodríguez, Fernández Pérez, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Rivas González, Rodíguez Calviño, Rodríguez Rodíguez, e a Presidencia, mais dos membros do grupo municipal do BNG, señora e señores, Abalde Comesaña, Martinez Piñeiro, Pérez Igrexas, e adóptase o seguinte,

ACORDO:

Rexeitar a Moción presentada, en data 26.07.2023 (Rex. Nº 3955/1101), pola voceira do grupo municipal do Partido Popular, Sra. Fernández-Tapias, cuxo texto consta na parte expositiva deste acordo.

ASINADO POR: SECRETARIO XERAL PLENO DA CORPORACIÓN - ( JOSÉ CARLOS RIESGO BOLUDA ) 27/09/2023 14:35:54 | TTE ALCALDE AREA FOMENTO E SERVIZOS - ( FRANCISCO JAVIER PARDO ESPIÑEIRA ) 27/09/2023 15:19:13 | ALCALDE - ( ABEL RAMÓN CABALLERO ÁLVAREZ ) 27/09/2023 20:18:05
Documento asinado

ASINADO POR: SECRETARIO XERAL PLENO DA CORPORACIÓN - ( JOSÉ CARLOS RIESGO BOLUDA ) 27/09/2023 14:35:54 | TTE ALCALDE AREA FOMENTO E SERVIZOS - ( FRANCISCO JAVIER PARDO ESPIÑEIRA ) 27/09/2023 15:19:13 | ALCALDE - ( ABEL RAMÓN CABALLERO ÁLVAREZ ) 27/09/2023 20:18:05

Documento asinado

**13.(95). MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA MANIFESTANDO O REXEITAMENTO CONTUNDENTE DA DECISIÓN DA XUNTA DE GALICIA DE ELIMINAR OS CICLOS PRESENCIAIS DE ADULTOS CONVERTÉNDOOS EN EDUCACIÓN A DISTANCIA, E OUTROS ACORDOS COMPLEMENTARIOS. EXPTE. PLENO 3956/1101.**

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 26 de xullo de 2023, número 3956/1101, a concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Alonso Suárez, formula a seguinte,

MOCIÓN

"A formación profesional foise consolidando estes últimos anos, co goberno de Pedro Sánchez, como unha magnífica opción formativa para a mocidade e para as persoas adultas, alcanzando xa o récord histórico de máis 1 millón de estudantes.

O Plan de Modernización da Formación Profesional, xunto coa Lei Orgánica 3/2022, do 31 de marzo, de ordenación e integración da Formación Profesional, son a palanca para unha revolución, para a formación e actualización de competencias dos docentes, a innovación, a actualización de cualificacións, a creación de prazas, a internacionalización, a orientación no sistema, o emprendemento, etc. A Formación Profesional debe converterse nunha peza indispensable para contar cun modelo produtivo que intensifique os procesos de creación de valor e de emprego de calidade.

E para esa transformación da Formación Profesional, o Goberno socialista destinou entre 2020 e 2023, 6.041 millóns de euros.

Un investimento moi necesario. Porque o dinamismo do mercado laboral actual e as oportunidades que este nos brinda deben ser correspondidas dunha maneira áxil e eficaz.

Temos unha gran oportunidade económica e social de facilitar a cualificación, a empregabilidade e, en consecuencia, a xeración de riqueza.

Pero tamén, porque segundo a EPA, máis de dez millóns de persoas, o 46% da poboación activa, carece de acreditación profesional, a pesar de desempeñar a súa actividade laboral a diario, o que dificulta o seu acceso a mellores empregos e condicións laborais, así como a súa incorporación á formación.

E si a formación profesional de adultos é necesaria, é difícil entender que xusto cando xa remataba este curso académico, centros de ensino de ciclos de FP da nosa cidade, e de toda Galicia, souberon que a Consellería de Educación decidía converter ciclos modulares para adultos presenciais en educación a distancia.

Por todo o dito, o grupo municipal do PSdeG-PSOE solicita ao Pleno da Corporación a aprobación dos seguintes

ACORDOS

- O rexeitamento contundente da decisión da Xunta de Galicia de eliminar ciclos presenciais de adultos converténdoos en educación a distancia.

- Esixir da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, e por ende, do presidente da Xunta de Galicia, o mantemento dunha oferta de Formación Profesional de adultos presencial que non supoña ningunha merma dos dereitos do alumnado a recibir un ensino de calidade.”

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual incorporado a Acta.

VOTACIÓN: Con dezanove votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Alonso Suarez, Aneiros Pereira, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estevez Rodríguez, Fernández Pérez, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Rivas González, Rodíguez Calviño, Rodríguez Rodíguez, e a Presidencia, mais dos membros do grupo municipal do BNG, señora e señores, Abalde Comesaña, Martinez Piñeiro, Pérez Igrexas, e cinco en contra dos membros do grupo municipal do Partido Popular, señoras e señores, Fernández Tapias, Garrido Valenzuela, Gonzalez Abeijon, Martin Peña e Sanchez Méndez, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 26.07.2023 (Rex. Nº 3956/1101), pola concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Alonso Suárez, cuxo texto consta na parte expositiva deste acordo.

**14.(96). MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA INSTANDO AO GOBERNO DA XUNTA DE GALICIA A FACILITAR COPIA DO EXPEDIENTE COMPLETO DO CONCERTO DO GRUPO MUSICAL MUSE QUE ACTUOU NO ESTADIO MUNICIPAL DE BALAIÍOS, DENTRO DA PROGRAMACIÓN “CONCERTOS DO XACOBEO”. EXPTE. PLENO 3957/1101.**

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 26 de xullo de 2023, número 3957/1101, o voceiro do grupo municipal Socialista, Sr. López Font, formula a seguinte,

MOCIÓN

“A contratación dos concertos do Xacobeo, por parte da Xunta de Galicia, estiveron presididos pola maior opacidade, descoñecendo os criterios de asignación ás cidades e a forma de contratación.

No relativo á cidade de Vigo, non contamos coas mesmas adxudicacións que outros Concellos, dentro da política habitual do goberno da Xunta de discriminar a esta cidade.

A transparencia brillou pola súa ausencia e descoñécense os importes das actuacións o que impide coñecer se a Xunta tivo un tratamento igualitario para todas as cidades de Galicia.

Por contra, o goberno municipal de Vigo, nun exercicio de transparencia absoluta, decide todos os seus contratos de actuacións na Xunta de Goberno Local que permite coñecer importes abonados e todos os detalles da contratación.

ASINADO POR: SECRETARIO XERAL PLENO DA CORPORACIÓN - ( JOSÉ CARLOS RIESGO BOLUDA ) 27/09/2023 14:35:54 | TTE ALCALDE AREA FOMENTO E SERVIZOS - ( FRANCISCO JAVIER PARDO ESPIÑEIRA ) 27/09/2023 15:19:13 | ALCALDE - ( ABEL RAMÓN CABALLERO ÁLVAREZ ) 27/09/2023 20:18:05
Documento asinado

Isto non ocorreu no concernente á actuación contratada no marco do Xacobeo, do conxunto Muse na cidade de Vigo.

Como queira que o goberno da Xunta de Galicia está obrigado a dar a coñecer todos estes detalles e como queira que non se atendeu a petición dunha Deputada do Grupo do PsdG-PSOE no Parlamento de Galicia, cursada o 17 de Abril de 2.023, é dicir hai máis de 3 meses, é polo que se propón ao Pleno da Excma. corporación de Vigo que adopte o seguinte

ACORDO

- Instar o Goberno da Xunta de Galicia a facilitar copia do expediente completo do concerto do grupo musical MUSE que actuo no Estadio Municipal de Balaidos, dentro da programación "Concertos do Xacobeo", solicitado no Parlamento o 17 de abril de 2023."

ESTA MOCIÓN RETIROUSE DA ORDE DO DIA

**15.(97). MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA INSTANDO AO GOBERNO DA XUNTA DE GALICIA A RECOÑECER Á CIDADE DE VIGO UNHA DÉBEDA HISTÓRICA DE 2.258 MILLÓNS DE EUROS, CONSECUENCIA DAS ACTUACIÓNS DOS 13 ANOS ANTERIORES E ESTABLECER OS PRAZOS PARA O SEU ABONO. EXPTE. 3958/1101.**

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 26 de xullo de 2023, número 3958/1101, o voceiro do grupo municipal Socialista, Sr. López Font, formula a seguinte,

MOCIÓN

"Os gobernos de Núñez Feijoo e de Rueda foron especialmente negativos para a cidade de Vigo. Son xa 14 anos de non atender a esta cidade.

En reiteradas ocasións, o Goberno Municipal de Vigo trasladou as demandas desta cidade para ser atendidas. Nunca o foron e a débeda histórica con esta cidade foise incrementando.

Coa elección de Alfonso Rueda, como Presidente da Xunta de Galicia, o goberno do Partido Popular tiña unha oportunidade para corrixir o rumbo dos anos anteriores. Non só non foi así, se non que pode afirmarse que a situación empeorou.

O 28 de Maio, as viguesas e os vigueses falaron claro na urnas, nunha reafirmación absoluta das reivindicacións que o goberno de Vigo víñalle realizando aos gobernos de Núñez Feijoo e de Rueda.

O resultado das eleccións municipais en Vigo, novamente, é un clamor sobre a obrigación que ten o goberno da Xunta de Galicia de atender as demandas desta cidade.

Este Pleno aprobou a cuantificación económica da débeda que ten o goberno de Galicia coa nosa cidade. Convén lembrar que, neses 13 anos, o goberno galego dispuxo de 25.261 millóns de euros en investimentos e que dado que só investiu en

ASINADO POR: SECRETARIO XERAL PLENO DA CORPORACIÓN - ( JOSÉ CARLOS RIESGO BOLUDA ) 27/09/2023 14:35:54 | TTE ALCALDE AREA FOMENTO E SERVIZOS - ( FRANCISCO JAVIER PARDO ESPIÑEIRA ) 27/09/2023 15:19:13 | ALCALDE - ( ABEL RAMÓN CABALLERO ÁLVAREZ ) 27/09/2023 20:18:05

Documento asinado

ASINADO POR: SECRETARIO XERAL PLENO DA CORPORACIÓN - ( JOSÉ CARLOS RIESGO BOLUDA ) 27/09/2023 14:35:54 | TTE ALCALDE AREA FOMENTO E SERVIZOS - ( FRANCISCO JAVIER PARDO ESPIÑEIRA ) 27/09/2023 15:19:13 | ALCALDE - ( ABEL RAMÓN CABALLERO ÁLVAREZ ) 27/09/2023 20:18:05

Documento asinado

Vigo uns 500 millóns, a débeda histórica con esta cidade é de 2.258 millóns que crece día a día ao non tomar ningunha iniciativa de atención ás demandas da cidade.

Dado que se aproxima a confección dos próximos Orzamentos da Xunta de Galicia, para o exercicio 2.024, é o momento de recoñecer esta débeda histórica coa cidade de Vigo e fixar a forma e prazos de satisfacela e é polo que se propón ao Pleno da Excma. corporación de Vigo que adopte o seguinte

ACORDO

- Instar o Goberno da Xunta de Galicia a recoñecer á cidade de Vigo unha débeda histórica de 2.258 millóns de euros consecuencia das actuacións dos 13 anos anteriores e establecer os prazos para o seu abono."

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual incorporado a Acta.

VOTACIÓN: Con dezaseis votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Alonso Suarez, Aneiros Pereira, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estevez Rodríguez, Fernández Pérez, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Rivas González, Rodíguez Calviño, Rodríguez Rodíguez, e a Presidencia, tres abstencións dos membros do grupo municipal do BNG, señora e señores, Abalde Comesaña, Martinez Piñeiro, Pérez Igrexas, e cinco en contra dos membros do grupo municipal do Partido Popular, señoras e señores, Fernández Tapias, Garrido Valenzuela, Gonzalez Abeijon, Martin Peña e Sanchez Méndez, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 26.07.2023 (Rex. Nº 3958/1101), polo voceiro do grupo municipal Socialista, Sr. López Font, cuxo texto consta na parte expositiva deste acordo.

## PARTE DE CONTROL

### 16.(98). DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA, DENDE O 19.04 AO 21.05.23. EXPTE. 1448/1102 (EXPTE. PLENO 3952/1101)

ANTECEDENTES: Dáse conta das Resolucións da Alcaldía (do 19.04.23 ao 21.05.23) incluídas no expediente 1448/1102 (Expte. Pleno 3952/1101).

ACORDO.

*A* Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación das Resolucións. O Pleno queda enterado.

### 17.(99). DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS ASINADAS POR CONCELLEIROS/AS DELEGADOS/AS, DENDE O 19.04 AO 21.05.23. EXPTE. 1450/1102 (EXPTE. PLENO 3953/1101)

ANTECEDENTES: Dáse conta das Resolucións dos concelleiros delegados (do 19.04.23 ao 21.05.23) incluídas no expediente 1450/1102 (Expte. Pleno 3953/1101).

ACORDO.

*A* Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación das Resolucións. O Pleno queda enterado.

**18.(100). DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA, DENDE O 22.05 AO 20.07.23. EXPTE. 1515/1102 (EXPTE. PLENO 3934/1101).**

ANTECEDENTES: Dáse conta das Resolucións da Alcaldía (do 22.05.23 ao 20.07.23) incluídas no expediente 1515/1102 (Expte. Pleno 3934/1101).

ACORDO.

*A* Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación das Resolucións. O Pleno queda enterado.

**19.(101). DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS ASINADAS POR CONCELLEIROS/AS DELEGADOS/AS, DENDE O 22.05 AO 20.07.23. EXPTE. 1516/1102 (EXPTE. PLENO 3935/1101)**

ANTECEDENTES: Dáse conta das Resolucións dos concelleiros delegados (do 22.05.23 ao 20.07.23) incluídas no expediente 1516/1102 (Expte. Pleno 3935/1101).

ACORDO.

*A* Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación das Resolucións. O Pleno queda enterado.

**20.(102). DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DA ALCALDIA, DE DATA 15.05.23, DE PROVISIÓN CON CARÁCTER DEFINITIVO DO POSTO DE TRABALLO DE "SECRETARIA/O DE GOBERNO LOCAL" DO CONCELLO DE VIGO POLO SISTEMA DE LIBRE DESIGNACIÓN: NOMEAMENTO DE FUNCIONARIA/O PARA O DITO POSTO EN RESOLUCIÓN DE CONVOCATORIA PÚBLICA. DOC. 230139850 (EXPTE. PLENO 3831/1101).**

ANTECEDENTES: Dáse conta da Resolución da Alcaldía, de data 15.05.23, que di o que segue,

"I.- Na data de sinatura electrónica (09/09/2022), a Concellería-delegada competente ditou orde de incoación de expediente para a provisión definitiva do posto de traballo de Secretaria/o de Goberno Local do Concello de Vigo, reservado a funcionarios/as de Administración Local con habilitación de carácter nacional. Dito posto se atopaba en situación de vacante por cese da titular, con efectos económicos e administrativos de 1 de setembro de 2021. As funcións do dito posto están actualmente encomendas á titular do posto de colaboración Secretaría de Administración Municipal;

ASINADO POR: SECRETARIO XERAL PLENO DA CORPORACIÓN - ( JOSÉ CARLOS RIESGO BOLUDA ) 27/09/2023 14:35:54 | TTE ALCALDE AREA FOMENTO E SERVIZOS - ( FRANCISCO JAVIER PARDO ESPIÑEIRA ) 27/09/2023 15:19:13 | ALCALDE - ( ABEL RAMÓN CABALLERO ÁLVAREZ ) 27/09/2023 20:18:05
Documento asinado

II.- Por Resolución da Concelleira delegada da Área de Seguridade, Contratación e Xestión Municipal de data 22/11/2022, procedeuse a aprobar as bases e convocatoria publicadas no DOG nº 239 de 19/12/2022 e BOE nº 78 de 01/04/2023, segundo consta no expediente.

III.- Rematado o prazo de presentación de instancias o día 25/04/2023, o 10/05/2023 a instrutora do expediente da traslado á concelleira delegada competente das mesmas xunto co informe que sinala que:

*"Considerando que o pasado día 25/04/2023 tivo lugar o remate do prazo de 15 días naturais regulamentariamente establecido para a presentación de solicitudes de participación no procedemento de provisión do posto de Secretaria/o de Goberno Local do Concello de Vigo en curso, convocado por Resolución da Concelleira delegada da Área de Seguridade, Contratación e Xestión Municipal de data 22/11/2022 (publicación DOG nº 239 de 19/12/2022- BOE nº 78 de 01/04/2023); e de conformidade co establecido na Base Cuarta das Bases reitoras do procedemento indicado, pola presente infórmase o seguinte:*
*1.- Ao día da data e hora actuais (v. datos sinatura electrónica) constan presentadas as solicitudes seguintes, relacionadas por orde de entrada no Rexistro Xeral do Concello:*

*S. GALLARDO FARIÑA*
*M. A. PAZ TABOADA*
*P. A. BAENA CALDERÓN*

*Aos efectos que procedan, infórmase que todas as solicitudes reúnen os requisitos establecidos nas Bases da convocatoria para o acceso ao posto (funcionarios/as de carreira de Administración Local con habilitación de carácter nacional, subgrupo A1, integrados na escala de funcionarios e Administración local con habilitación de carácter nacional, subescala de Secretaría, categoría superior, e titulación normativamente establecida), polo que calquera dos aspirantes estaría en condicións de ser nomeado para o posto indicado no marco da legalidade vixente.*

** En relación con P.A. Baena Calderón, infórmase que non acredita o coñecemento da lingua galega segundo o Decreto 103/2008, de 8 de maio, polo que se regula o coñecemento do galego nos procedementos para a provisión de postos de traballo reservados a funcionarias/os con habilitación de carácter nacional no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia, polo que de conformidade coas bases da convocatoria -Base terceira 3 e)- , no caso de ser o aspirante elexido, deberá realizarse unha proba de carácter eliminatoria nos termos expostos no Decreto 103/2008 anteriormente referido.*

** En relación con M. A. Paz Taboada, infórmase que de resultar o aspirante elixido, deberá aportar declaración responsable nos termos do establecido na Base terceira 4 da convocatoria.*

*Como anexo a este informe e formando parte do mesmo, inclúese cadro dos méritos acreditados polos aspirantes presentados.*

*2.- De conformidade coa Resolución de Alcaldía de data 17/08/2020, de delegación competencial, corresponde á Concellería-delegada da Área de Xestión Municipal "Exercer a totalidade das competencias de xestión administrativa e demais competencias delegables en relación coa estrutura directiva municipal e os órganos*

ASINADO POR: SECRETARIO XERAL PLENO DA CORPORACIÓN - ( JOSÉ CARLOS RIESGO BOLUDA ) 27/09/2023 14:35:54 | TTE ALCALDE AREA FOMENTO E SERVIZOS - ( FRANCISCO JAVIER PARDO ESPIÑEIRA ) 27/09/2023 15:19:13 | ALCALDE - ( ABEL RAMÓN CABALLERO ÁLVAREZ ) 27/09/2023 20:18:05
Documento asinado

*que se integran nela, así, como de existir, en relación cos postos de colaboración aos mesmos, nos termos derivados da normativa aplicable (entre outros, provisión depostos, encomendas, peticións de informe, etc)".*

